

Interreg



Sudoe

LIVHES

European Regional Development Fund



# GUÍA PCI

**GUÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROCESOS DE VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL (PCI)**

Coordinador: Alfredo Asiáin Ansorena, UPNA  
Redacción: Jean Jacques Casteret, CIRDÒC - Institut occitan de cultura; Jordi Montlló Bolart e Antonio Rojas Rabaneda, ICRPC; Alfredo Asiáin Ansorena, UPNA  
Edición: Ekiñe Delgado Zugarrondo e Isabel Merino González, UPNA  
Ilustraciones: Ekiñe Delgado Zugarrondo, UPNA  
Fotografías cedidas: socios de Interreg Sudoe LIVHES, fotografías creative commons, permisos del Pays de Béarn, Gobierno de Navarra, Diputación de Burgos, Diputación de Teruel e Generalitat de Catalunya  
Versión en francés: ALPHATRAD France Optilingua International  
Versión en portugués: Elisabete Pais de Jesus Ramos  
Versión en inglés: Kit Cree  
Versión en euskara: Eneko Garcia Uriz e Ekiñe Delgado Zugarrondo, UPNA  
Versión en catalán: Link Multilingüe  
Versión en galego: Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, Deputación de Pontevedra  
Versión en occitano: CIRDOC - Institut occitan de cultura  
ISBN: 978-84-09-50605-7  
Pamplona – Iruñea, España, 2023

## SOCIOS DO PROXECTO INTERREG SUDOE LIVHES



Diputación  
de Burgos



## PRESENTACIÓN

### SARA GONZÁLEZ CAMBEIRO

Coordinadora del Plan Nacional de Salvaguarda del Patrimonio Cultural Inmaterial de España



Desde la adopción de la Convención para la Salvaguardia del Patrimonio Cultural Inmaterial de UNESCO en el año 2003 se han sucedido los instrumentos que ayudan a tomar conciencia de la importancia de salvaguardar los conocimientos y prácticas que son expresión de la identidad cultural de las comunidades. La presente Guía es una herramienta metodológica para la valorización de este tipo de Patrimonio, en la línea con los principios y acciones del Plan Nacional de Salvaguardia del Patrimonio Cultural Inmaterial promovido por el Instituto del Patrimonio Cultural de España (Ministerio de Cultura y Deporte) en colaboración con las Comunidades Autónomas. Además, dado que el PCI, además de un valor simbólico de uso y como soporte de la memoria compartida, tiene un papel fundamental en la sostenibilidad medioambiental y social, en la Guía se desgranán medidas para coordinar la salvaguardia del PCI con los acuerdos adoptados en la Estrategia Nacional frente al Reto Demográfico y el Plan Nacional de Adaptación al Cambio Climático.

De una manera transversal y con la mirada puesta en la participación de las comunidades, esta publicación no solo actualiza el marco normativo y de protección, sino que ofrece propuestas muy diversas (tanto a nivel teórico como práctico) para experimentar y salvaguardar el Patrimonio Cultural Inmaterial. Las experiencias que se incluyen en la Guía nos hablan de la diversidad del PCI y de la necesaria creatividad para ofrecer soluciones innovadoras en el reto de su identificación y salvaguardia, comenzando por la coordinación entre instituciones, administraciones y protagonistas, pues este tipo de Patrimonio Cultural requiere, más que ningún otro, un consistente trabajo de colaboración entre todos los agentes implicados.

## PRÉSENTATION LILY MARTINET

Chargée de mission PCI à la  
Maison des Cultures du  
Monde - CFPCI



La France a approuvé le 11 juillet 2006 la Convention pour la sauvegarde du patrimoine culturel immatériel (PCI). Dix ans après, elle a introduit le PCI dans le Code du patrimoine. La mise en œuvre de la Convention a été confiée au ministère de la Culture, plus particulièrement au Département de la recherche, de la valorisation et du patrimoine culturel immatériel (DRVPCI).

Une des premières mesures prises par la France a été le lancement en 2008 de l'inventaire national du PCI. Il a été alimenté dans un premier temps par un appel à projets annuel, puis par des demandes spontanées qui parviennent directement au DRVPCI. Le Comité du patrimoine ethnologique et immatériel examine les projets de fiches et se prononce sur l'inclusion d'éléments à l'inventaire national du PCI. Il émet des avis sur les dossiers de candidature pour l'inscription sur les Listes de la Convention. Ces avis font l'objet d'une approbation par la ou le ministre de la Culture. L'inventaire national compte en 2023 plus de 500 éléments. L'inclusion à l'Inventaire ouvre depuis 2018 le droit d'utiliser l'emblème « PCI en France ».

Outre l'Inventaire, l'action du ministère de la Culture se déploie autour de plusieurs axes : la formation, la recherche, la sensibilisation et la valorisation. Des formations sont organisées chaque année avec le soutien du ministère. La recherche est encouragée grâce au financement de programmes et à la Chaire UNESCO « PCI et développement durable ». La sensibilisation à la valeur du PCI passe, quant à elle, par les initiatives portées par les acteurs impliqués dans la sauvegarde du PCI (écomusées, réseau des Ethnopôles, associations, fédérations).

## APRESENTAÇÃO RITA JERÓNIMO

Subdiretora da Direção Geral  
do Património Cultural



A Direção-Geral do Património Cultural (DGPC) felicita o Agrupamento Europeu de Cooperação Territorial do Rio Minho (AECT Rio Minho) pelo trabalho realizado no projeto LIVHES, “Living Heritage for Sustainable Development”, uma área da maior importância para esta Direção-Geral no quadro das suas competências e atribuições.

No âmbito deste projeto, agradecemos o convite para nos associarmos ao Guia Metodológico para a valorização do Património Cultural Imaterial (PCI) e congratulamo-nos com sua disponibilização em várias línguas, que contribui para amplificar o acesso à cultura. Este guia traduzido promove ainda a cooperação transfronteiriça na área do Património Cultural, que assume a maior relevância para a DGPC enquanto entidade responsável pela proteção legal deste património em Portugal através do seu Inventário Nacional.

Exemplo de boa cooperação transfronteiriça na área do PCI é a «Pesca nas Pesqueiras do Rio Minho». O Inventário Nacional desta arte de pesca partilhada por Portugal e Espanha entre a região do Alto Minho e a Galiza foi publicado em Diário da República de 30 de novembro de 2022. A liderança da AECT Rio Minho, a investigação conduzida pelo antropólogo Álvaro Campelo e a participação dos pescadores do troço internacional do rio Minho e outros agentes, viabilizaram a inventariação desta prática milenar pela DGPC. Outro trabalho meritório desenvolvido pelas comunidades dos dois países é o projeto “Ponte...nas Ondas!”, valendo-lhe o reconhecimento pela UNESCO na área das boas práticas. A DGPC continuará a acompanhar com interesse estas e outras iniciativas de cooperação transfronteiriça na área do Património Cultural.

# PRÓLOGO

**HONORIO M. VELASCO**

Catedrático Emérito de Antropología. UNED

Desde a súa creación como categoría, o Patrimonio Cultural Inmaterial non parou de crecer, de estenderse, de ampliarse. Tamén o fixo o patrimonio cultural en xeral, pero en particular o Patrimonio Inmaterial non só é responsable principal disto, senón que constituíu un dominio tan imponente como o patrimonio histórico-artístico. Unha tarefa encomiable foi a de xeneralizar (e en certo modo “educar en”) a sensibilidade cara prácticas, obxectos, expresións e manifestacións que anteriormente non se apreciaban como tal. “Apreciaban” ten aquí un dobre sentido de visibilidade e de dotación de valor. Esta tarefa aínda non se cumpriu de todo, mentres que polo outro extremo parece que se reafirma a idea de que a ampliación non ten límite. A cuestión de que “practicamente todo” pode ser patrimonio inmaterial fórmulase a menudo e especialmente cando a proposta se refire a elementos aparentemente intrascendentes, triviais. Ou, polo contrario, como a veces se postulou, a elementos de creación artística culta. Se esta cuestión se formula, seguramente se requirirían criterios de identificación. Criterios que non se estableceron na Convención da Unesco, aínda que se poden atopar na Guías prácticas para o seu desenvolvemento. Habería que insistir en que haberían de ser máis de identificación que de límites. Os únicos límites claros -UNESCO dixit- son o respecto dos dereitos humanos e o respecto entre comunidades, pobos e individuos, e o de desenvolvemento sustentable.

Esta cuestión primeira tería que ir ligada a un principio básico que outorga o protagonismo do Patrimonio Inmaterial ás “comunidades portadoras”. O concepto de identificación non é tanto obxectivo, canto subxectivo, é dicir, ligado ás comunidades, e por tanto asociado inseparablemente á representatividade. A Convención de 2003 respecto á de 1972 supuxo un cambio significativo neste desprazamento de foco dos obxectos aos suxeitos. E certamente aínda necesita ser reafirmado, pois frecuentemente queda en segundo plano. As comunidades, sen embargo, non deben ser tomadas como entidades sociais idealizadas. En ocasións,



o consenso faise difícil de alcanzar e, por outra parte, algunhas veces é máis froito de estratexias de intereses que de sentimentos comúns. En todo caso, os procesos de patrimonialización son procesos sociais (e obviamente políticos). O que comporta a “salvagarda” e a “protección” do patrimonio inmaterial é un conxunto de programas e de accións de distinta índole e probablemente unha delas estase a converter –segundo os informes provenientes de moitas partes no mundo– en obxecto de especial atención: a transmisión ás xeracións novas. É unha constante xeral que as xeracións novas non desexan ou non amosan demasiado entusiasmo en recibir as prácticas tradicionais nin en responsabilizarse de transmitilas aos seus sucesores. Cabería precisar que, se non todas, si moitas delas, segundo casos e segundo tempos. Ademais, os integrantes das xeracións adultas estanse reducindo en número ou están desaparecendo. No quedan apenas “mestres”. E os procesos de mobilidade, de migración, en moitos territorios afectan dramaticamente ás poboacións, as comunidades están demograficamente debilitadas e non hai densidade social bastante como para que as prácticas teñan lugar e, por tanto, tampouco para que a transmisión interxe-



racional se produza. En non poucos casos fíxose xa moi difícil garantila. De todos modos, a percepción da complexidade e a fragilidade do proceso tería que ser agudizada, co fin de que se intensifiquen os esforzos de “protección” no que aínda continua vivo e vixente.

Os procedementos de “protección” institucionalizados requiren ser necesariamente complementados cos internos e autoxestionados, de modo que se fai indispensable unha negociación. É consecuente concluír que as medidas de “protección” do patrimonio inmaterial son fundamentalmente sociais. As liñas da transmisión diversificáronse e a corresponsabilidade esténdese coa interacción social entre iguais. En boa medida no Patrimonio Inmaterial hai atractivo suficiente como para chamar á participación colectiva e provocar o tránsito do papel de mero espectador ao de intérprete entregado. Certamente o turismo contribuíu en non poucos casos ao espectáculo das prácticas tradicionais, ben que nas formas básicas da mobilidade das poboacións están os vellos procesos culturais do encontro e a hibridación que xeraron ao longo do tempo o dinamismo das culturas.

O obxectivo clave do traballo sobre o Patrimonio Inmaterial é, como dicía Lévi-Strauss xa nos anos 50 do século XX, reforzar o mantemento da diversidade cultural e favorecer a súa continua rexeneración.






# VÍDEO DO PROXECTO LIVHES



## SUMARIO INTERACTIVO



LOCALICE O MÓDULO QUE LLE INTERESA.

PREMA NA ICONA DA MAN PARA ACCEDER AO MÓDULO

## ÍNDICE

## GUÍA MODULAR

A guía está concibida cunha estrutura modular, isto é, permite a consulta concreta dun apartado, pero tamén a lectura continua máis tradicional. Esta flexibilidade no uso ten repercusións no deseño da edición.

Por unha banda, porque presenta dúas formas de indexar os módulos. Na páxina anterior achégase un sumario interactivo pensado para a consulta máis puntual. Ao premer na icona correspondente, pódese acceder directamente á sección que resulte de interese. Na parte da esquerda desta páxina, detállase nun índice a secuencia ordenada e numerada dos módulos, de optar por unha lectura completa.

Por outra banda, cada módulo identifícase cunha cor e ten a súa propia numeración de páxinas na parte superior. A numeración xeral de toda a guía aparece na parte inferior das páxinas.

## GUÍA CON DISTINTOS NIVEIS DE INFORMACIÓN

Ademais da flexibilidade da estrutura modular, a guía presenta versatilidade de uso en canto ás persoas destinatarias e ao nivel de información que se ofrece.

Está pensada para que a poida utilizar tanto o público en xeral, pouco versado no patrimonio cultural inmaterial, coma os técnicos de desenvolvemento local, xestores e axentes culturais, lectores máis iniciados ou especializados no PCI.

Escolleuse, por esta razón, un deseño moi visual, con numerosas infografías e esquemas, que responde a un nivel divulgativo, pero tamén por unha presentación da información en distintos niveis con profundidade crecente ou escalable. Mediante ligazóns, pódese acceder progresivamente a un nivel técnico básico e, mesmo, a un nivel técnico experto. Primouse, así, a utilidade da guía.

N  
I  
V  
E  
I  
S

D  
E  
S  
T  
I  
N  
A  
T  
A  
R  
I  
O  
S

NIVEL  
DIVULGATIVO

NIVEL TÉCNICO  
BÁSICO

NIVEL TÉCNICO  
EXPERTO


PÚBLICO  
EN XERAL

TÉCNICOS DE DESENVOL-  
VEMENTO LOCAL,  
XESTORES E  
AXENTES CULTURAIS

ESPECIALISTAS  
EN PCI

# 1. O PROXECTO LIVHES

- Que é o proxecto LIVHES
- Obxectivos do proxecto LIVHES
- Fases do proxecto (esquemático para ver o proceso e como xorde a guía)
- Os socios do proxecto (mapa cunha pequena ficha de cada socio)



## QUE É O PROXECTO LIVHES?

O proxecto **LIVHES** (Living Heritage for Sustainable Development) enmárcase no Programa Interreg Sudoe, que apoia o desenvolvemento rexional no suroeste de Europa, e financia proxectos transnacionais a través do FEDER. Así, promove a cooperación transnacional para tratar problemáticas comúns ás rexións do devandito territorio.



**L**IVHES responde a unha necesidade europea e a un reto territorial compartido polas áreas escasamente poboadas do sur europeo: atopar e implementar novas fórmulas de valorización do seu importante patrimonio cultural inmaterial (PCI), promovido e recoñecido pola Unesco, como ferramenta de desenvolvemento económico sostible e cohesión territorial.


## OBXECTIVO PRINCIPAL

Xerar novas formas de posta en valor do PCI a través do desenvolvemento de novas metodoloxías.



## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Mellorar os métodos de xestión do patrimonio natural e cultural mediante a posta en marcha de redes e a experimentación conxunta.




Identificar, seleccionar e estudar as mellores prácticas ao redor da valorización do PCI como motor de desenvolvemento local e extraer ensinanzas transferibles ao espazo SUDOE para implicar os actores locais, rexionais competentes en PCI e desenvolvemento local mediante a creación de grupos territoriais participativos (GTT) e xerar un diagnóstico consolidado sobre os retos e as oportunidades do PCI como motor de desenvolvemento sostible e un mapa de actores e solucións innovadoras dentro e fóra do espazo SUDOE.

Replicar o modelo de valorización a través de actividades de transferencia e sociabilización do coñecemento, e xerar novos proxectos de valorización a través do Foro Transnacional de PCI e da creación dunha rede de traballo.

Desenvolver unha metodoloxía común para valorizar o PCI e unha estratexia adaptada a cada rexión participante e ás realidades dos distintos territorios do SUDOE, a través dos GTT e a realización de dúas mesas transnacionais de intercambio e reflexión, que se plasmarán nunha guía práctica de valorización do PCI e en oito plans de acción para a súa implementación a medio e longo prazo nos oito territorios participantes.

Experimentar e avaliar a metodoloxía proposta mediante a súa aplicación en oito experiencias piloto que emparellen o desenvolvemento económico coa valorización do PCI e a súa salvagarda e transmisión, e difundir o modelo no conxunto do territorio SUDOE.





## 2. QUE É O PCI?

- A Convención para a salvagarda do PCI
- O PCI (definición da convención, art. 2.1)
- Ámbitos do PCI (art. da convención 2.2)
- Directrices operativas do PCI
- Concepto de salvagarda (art. 2.3)
- O PCI no patrimonio local ou territorial



**A Conferencia Xeral da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura**, denominada en diante a Unesco, na súa 32.<sup>a</sup> reunión, realizada en París do 29 de setembro ao 17 de outubro de 2003, aproba a Convención para a salvagarda do PCI, coa finalidade de:

Salvagardar o PCI

Respectar o PCI das comunidades, grupos e individuos de que se trate

Sensibilizar no plano local, nacional e internacional sobre a importancia do PCI e do seu recoñecemento recíproco

Promover a cooperación e asistencia internacionais



## O PCI DEFÍNESE NO ARTIGO 2 DA CONVENCIÓN PARA A SALVAGUARDA DO PCI DA UNESCO (2003)

**E**nténdense por “patrimonio cultural inmaterial” os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas —xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes— que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos, os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural. Este PCI, que se transmite de xeración en xeración, é recreado constantemente polas comunidades e polos grupos en función da súa contorna, da súa interacción coa natureza e da súa historia, e infúndelles un sentimento de identidade e continuidade e contribúen así a promover o respecto pola diversidade cultural e pola creatividade humana. Para os efectos desta convención, terase en conta unicamente o PCI que sexa compatible cos instrumentos internacionais de dereitos humanos existentes e cos imperativos de respecto mutuo entre comunidades, grupos e individuos e de desenvolvemento sostible.



## CONVENCIÓN DA UNESCO (2003)

## SEGUNDO A UNESCO, O PCI MANIFÉSTASE ESPECIALMENTE NOS SEGUINTE **ÁMBITOS**:

Tradições e expresións orais, o que inclúe o idioma como vehículo do patrimonio cultural

Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo

Artes do espectáculo

Usos sociais, rituais e actos festivos



Técnicas artesanais tradicionais

NAS DIRECTIVAS OPERATIVAS (ARTIGO 1.3.) DA CONVENCIÓN DA UNESCO ESTABLÉCENSE OS SEGUINTE **CRITERIOS** PARA A INCLUSIÓN DE PROXECTOS, PROGRAMAS OU ACTIVIDADES NO REGISTRO DE BOAS PRÁCTICAS DE SALVAGARDA DO PCI

**1** - Implican unha salvagarda; é dicir, “medidas encamiñadas a garantir a viabilidade do PCI, o que comprende a identificación, a documentación, a investigación, a preservación, a protección, a promoción, a valorización, a transmisión —basicamente a través do ensino formal e non formal— e a revitalización deste patrimonio nos seus distintos aspectos” (artigo 2.3. da convención).

**2** - Contribúen aos esforzos de salvagarda do PCI do ámbito rexional, subrexional ou internacional.

**3** - Reflicten os principios e os obxectivos da convención.




4 - Contribúen á viabilidade do PCI en cuestión, cando o proxecto xa se completou; cómpre esperar que axude á súa viabilidade, se aínda non se completou nin se previu a súa posta en marcha.

5 - Implementáronse coa participación da comunidade, do grupo ou dos individuos interesados, así como co seu consentimento libre, previo e informado.

6 - Poden servir de modelo para actividades de salvagarda.

7 - Os organismos encargados da execución e a comunidade están dispostos a cooperar na difusión de prácticas exemplares.

8 - Comprenden experiencias cuxos resultados poderían ser obxecto de avaliación.



Enténdese por “salvagarda” as medidas encamiñadas a garantir a viabilidade do PCI, o que comprende a identificación, documentación, investigación, preservación, protección, promoción, valorización, transmisión —basicamente a través do ensino formal e non formal— e revitalización deste patrimonio nos seus distintos aspectos.

Como complemento da convención de 2003 e das directrices operativas, a Unesco define **12 PRINCIPIOS ÉTICOS** para salvagardar o PCI:



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12

**1** - As comunidades deben desempeñar un papel principal na salvagarda do PCI.

**2** - Os dereitos das comunidades de manter as prácticas, as representacións, os coñecementos e os saberes para asegurar a viabilidade do PCI deben ser respectados.

**3** - O respecto mutuo debe prevalecer nas interaccións entre estados e entre comunidades.

**4** - Todas as interaccións coas comunidades asociadas ao PCI deben caracterizarse por unha colaboración transparente e están subordinadas ao seu consentimento libre, previo, sostible e informado.

**5** - Debe garantirse o acceso das comunidades aos instrumentos, obxectos, artefactos, espazos culturais e naturais e lugares de memoria cuxa existencia é necesaria para a expresión do PCI.

**6** - O PCI non debe ser obxecto de xuízos de valor exteriores. Pertence a cada comunidade determinar o valor do seu propio patrimonio.

**7** - As comunidades débense beneficiar da protección dos intereses morais e materiais do PCI.

**8** - A natureza dinámica e viva do PCI debe respectarse.

**9** - As comunidades e as organizacións locais e estatais deben avaliar o impacto de toda acción que poida ter unha incidencia sobre a viabilidade do PCI.

**10** - As comunidades deben desempeñar un papel esencial na determinación do que constitúe unha ameaza para o seu PCI.

**11** - A diversidade cultural e a identidade das comunidades deben respectarse.

**12** - A salvagarda do PCI presenta un interese xeral para a humanidade. En consecuencia, debe enmarcarse en mecanismos de cooperación multi-laterais (rexionais ou internacionais) sen que isto supoña afastar as comunidades do seu propio PCI.



## O PCI NO PATRIMONIO LOCAL OU TERRITORIAL

O patrimonio local ou territorial está integrado de forma holística polo patrimonio natural, polo cultural e polo memorialista. Forma un sistema, un todo construído socialmente, con importantes valores simbólicos e identitarios (Cuenca, 2012).

Como sistemas que son, estes tres tipos de patrimonio **interseccionan** e teñen límites fluídos, e mesmo difusos. Un exemplo diso é o PCI, que aínda que está dentro do patrimonio cultural, se relaciona estreitamente co patrimonio natural (coñecementos tradicionais, por exemplo) ou co patrimonio memorialista (conmemoracións festivas, sen ir máis lonxe). Os tres presentan unha **dimensión material (física) e outra inmaterial indivisibles**. Os tres son un **soporte ou unha expresión da memoria compartida**; estes tamén utilizan unha **pluralidade de linguaxes multisensoriais** que son vehículo de expresión da comunidade (non só social, senón tamén emocional).

HOLÍSTICO E INTEGRADO

SISTÉMICO

Interseccións e análise transdisciplinar

Patrimonio natural

Patrimonio cultural

Transversalidade das linguaxes

Dimensión física ou material e inmaterial indivisibles

Patrimonio memorialista

Transversalidade da memoria

CONSTRUCCIÓN SOCIAL

SIMBÓLICO-IDENTITARIO

## Patrimonio natural

“Os monumentos naturais constituídos por formacións físicas e biolóxicas ou por grupos desas formacións que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista estético ou científico, as formacións xeolóxicas e fisiográficas, e as zonas estritamente delimitadas que constitúan o hábitat de especies animais e vexetais ameazadas que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista estético ou científico, os lugares naturais ou as zonas naturais estritamente delimitadas que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista da ciencia, da conservación ou da beleza natural” (Unesco, 1972).

## Patrimonio cultural

“Selección de bens e valores dunha cultura que forman parte da propiedade simbólica ou real de determinados grupos, que ademais permiten procesos de identidade individual e colectiva, e que contribúen a caracterizar un contexto ou un territorio” (Fontal, 2003).

## Patrimonio memorialista

Os lugares de memoria son “restos, a forma extrema baixo a cal subsiste unha conciencia de conmemoración nunha historia que a solicita, porque a ignora” (Nora, 2009).



Patrimonio natural



Patrimonio cultural



Patrimonio memorialista

## INTERSECCIÓNS

A visión integrada do natural e do cultural, do material e do in-material, propicia interseccións entre estes tres tipos de patrimonio.

As interseccións entre patrimonio natural e patrimonio cultural xeraron unidades de interpretación e análise transdisciplinar coma as paisaxes culturais, os sitios, os espazos culturais, os itinerarios ou rutas... As que se producen entre patrimonio natural e patrimonio memorialista, unidades tan interesantes coma os lugares de memoria. Por último, entre patrimonio cultural e patrimonio memorialista xeráronse unidades de interpretación e análise transdisciplinar coma os conxuntos históricos.

## Patrimonio holístico

Poderíase falar de ecopatrimonio, no sentido de que é “o soporte transmisible da historia e da identidade na experiencia colectiva”; é dicir, un “patrimonio concibido, protexido e explotado por unha comunidade, que pode ser recoñecido por un poder legal, que contribúe ao desenvolvemento presente da comunidade e da súa calidade de vida, e cuxo fin é preservar, comunicar e transmitir a cultura viva”. É “un instrumento de xestión sostible dos recursos”, que ten un valor simbólico e de uso para as sociedades ou comunidades, cuxa identificación se leva a cabo mediante un proceso simbólico de patrimonialización (Dormaels, 2012:12-15).



## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

### MEMORIA



O PCI forma parte da memoria colectiva ou compartida viva, como unha realidade socialmente construída. Remite tanto á biografía individual coma á experiencia colectiva.

### LINGUAXES

O patrimonio emprega unha pluralidade de linguaxes: verbal, iconográfica, plástica, corporal, sonora-musical etc. Este complexo conxunto multimodal de linguaxes verbais e non verbais xera significacións compartidas. Isto é, conforma un imaxinario compartido entre o individuo e o grupo ou comunidade, de funcionamento e de expresión simbólicos ou semióticos.

No caso do PCI, a linguaxe verbal é o vehículo de expresión de moitos bens inmateriais, e esencial na súa transmisión. Con el interactúan frecuentemente as linguaxes non verbais tradicionais (na música vocal, por exemplo), aínda que tamén hai manifestacións do PCI non verbais (unha danza, o toque de campás etc.).



## IMPRECISIÓN CONCEPTUAL E TERMINOLÓXICA

As interseccións e os elementos transversais producen unha certa imprecisión conceptual e terminolóxica que dificulta delimitar que é o PCI no contexto do patrimonio local ou territorial. A imprecisión, e ás veces abuso, no seu uso provén de confundir o inmaterial e o patrimonial inmaterial.

O **inmaterial** (mellor sería chamarlle “o intanxible”) está presente en calquera acción humana (talento, coñecemento...), porque é o seu compoñente corporal-mental, pero non sempre podemos consideralo patrimonial, debido a que ten que posuír tamén un rango colectivo ou social compartido.

A **dimensión inmaterial**, presente en todos os bens patrimoniais, acolle usos e significados compartidos dos bens naturais e culturais materiais (inmóbles e móbiles). É indivisible da parte material deses bens.

Cando falamos de bens **patrimoniais inmateriais** referímonos a uns bens de natureza difusa e formados “pola parte non física das tradicións dos pobos: expresións culturais coma os idiomas, a música, as cerimoniais, os ritos, as festas, as maneiras de facer, as actitudes de socialización, as tradicións orais...” (Querol, 2010:248). É dicir, o compoñente central destes bens é inmaterial no sentido en que reside nas persoas, na súa mente corporeizada e no seu corpo estendido (Asiáin, 2013), e compartido socialmente (memoria e coñecementos). Os bens patrimoniais inmateriais tamén teñen unha dimensión material indivisible.



## DELIMITACIÓN DO PCI

1. Patrimonio vivo e evolutivo: vitalidade
2. Patrimonio arraigado na comunidade e transmitido de xeración en xeración: continuidade histórica
3. Patrimonio identitario e compartido: representatividade-identidade
4. Patrimonio relacionado coas formas de vida: funcionalidade
5. Patrimonio procesual e contextualizado: ocasionalidade
6. Patrimonio dunha gran e variada riqueza sensorial e emocional: multimodalidade- multisensorialidade
7. Patrimonio respectuoso cos dereitos: diversidade cultural-interculturalidade-sostibilidade

(Asiáin, 2022)



### 3. MARCO NORMATIVO E LEXISLATIVO DO PCI NO ESPAZO SUDOE



## Marco normativo e lexislativo SUDOE

Francia (1): marco normativo e lexislativo nacional

Francia (2): marco normativo e lexislativo rexional

Portugal (1): marco normativo e lexislativo nacional

Portugal (2): marco normativo e lexislativo rexional


España (1): marco normativo e lexislativo nacional

España (2): marco normativo e lexislativo autonómico

Principado de Andorra: marco normativo e lexislativo



MARCO INTERNACIONAL (UNESCO, 2021)



## MARCO INTERNACIONAL (1): A UNESCO E AS SÚAS CONVENCIONS

A Unesco é unha organización intergubernamental integrada por 195 estados membros. Contribúe á paz e á seguridade no mundo mediante a educación, a ciencia e a cultura.

Das sete convencións da Unesco adoptadas ata o de agora, tres son especialmente relevantes para o ámbito do PCI e están claramente relacionadas entre si:

**Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural (1972)**

**Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial (2003)**



**Convención sobre a protección e promoción da diversidade das expresións culturais (2005)**



## COMPARACIÓN DAS DEFINICIÓNS DAS TRES CONVENCIONS RELACIONADAS ENTRE SI (UNESCO, 2021)

<b>PATRIMONIO MUNDIAL (1972)</b>	<b>PATRIMONIO INMATERIAL (2003)</b>	<b>DIVERSIDADE DAS EXPRESIÓNS CULTURAIS (2005)</b>
1. Protección e conservación dos sitios e bens do patrimonio mundial,	1. Salvagarda de todas as expresións, técnicas, prácticas e coñecementos que gardan relación co PCI	
2. cultural ou natural,	2. cultural ou social,	
3. de valor universal excepcional,	3. cuxo valor o definen as comunidades interesadas,	
4. cuxa autenticidade e integridade contribúen a definir o seu valor e a restrinxir con frecuencia a súa evolución.	4. e que evoluciona co discorrer do tempo.	
	5. Técnicas, prácticas, expresións e coñecementos.	5. Actividades, bens e servizos (produtos) culturais.
	6. O PCI é unha práctica colectiva, transmitida de xeración en xeración.	6. Expresións culturais: adoitan ser creacións innovadoras e individuais.
	7. Focalización na salvagarda da práctica e transmisión do PCI.	7. Focalización nas industrias culturais e na difusión e desenvolvemento de produtos culturais.

## MARCO INTERNACIONAL (2). A OMPI E A PROPIEDAD INTELECTUAL

La WIPO – OMPI es un organismo autofinanciado de las Naciones Unidas que cuenta con 193 Estados miembros. Es el foro mundial en el que se debate sobre servicios, políticas, cooperación e información en materia de Propiedad Intelectual (P.I.).

O seu obxectivo principal é desenvolver un sistema internacional de propiedade intelectual equilibrado e eficaz, que permita a innovación e a creatividade respectando os dereitos de todas as partes implicadas.

Na actualidade, a OMPI administra 26 tratados, incluído o Convenio da OMPI. Pódense clasificar en **tres apartados.** →

PROTECCIÓN DA  
P.I.



CLASIFICACIÓN



REXISTRO



## REGÍMES DE PROPIEDADE INTELECTUAL E PCI


A **OMPI** tamén se interesou na propiedade intelectual aplicada ao campo do PCI. Establecéronse **tres niveis** de coñecementos tradicionais.

**1**º NIVEL. Coñecementos tradicionais como tales; á súa vez, divídese en tres áreas:

Coñecementos tradicionais en sentido estrito (por exemplo, coñecementos de medicina tradicional)

Recursos xenéticos (por exemplo, plantas con potencial xenético e medicinal)

Expresións culturais tradicionais, especialmente verbais e musicais. Nestas últimas, considéranse tanto as expresións ou accións intanxibles (por exemplo, unha danza ou un xogo tradicionais) coma as tanxibles (a indumentaria ou os instrumentos musicais tradicionais).



**2**º NIVEL. Producións secundarias dos coñecementos tradicionais. Forman parte deste nivel os inventarios e as bases de datos dixitalizados ou gravacións, entre outros, as revistas etnográficas e os contidos de internet.



**3**º NIVEL. Innovacións ou creacións baseadas en coñecementos tradicionais. Toda unha serie de produtos médicos, cosméticos, musicais, audiovisuais...



## RÉXIMES DE PROPIEDAD INTELECTUAL E PCI

DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E DE AUTORÍA **NOS COÑECEMENTOS TRADICIONAIS**

Pártese da dificultade de aplicarllas as figuras legais aos protagonistas e portadores destes coñecementos. **Tres sistemas de protección:**

.....

1º) Regulación específica para a preservación do coñecemento tradicional.

2º) Regulación na que se adaptan as modalidades da propiedade intelectual.

3º) Regulación na que se utilizan outros procedementos de propiedade intelectual en sentido amplo.

.....

## DO MARCO INTERNACIONAL AO MARCO SUDOE

**RATIFICACIÓNS DA CONVENCIÓN DE 2003**

A Convención para a salvagarda do PCI, adoptada pola conferencia xeral da organización na súa 32.<sup>a</sup> reunión, en outubro de 2003, entrou en vigor o 20 de abril de 2006 en España e en Francia.

En Portugal, a convención foi aprobada pola Resolución da Asemblea da República núm. 12/2008, de 24 de xaneiro, e ratificada polo Decreto do presidente da República núm. 28/2008, de 26 de marzo de 2008. O Principado de Andorra ratifica a convención o 8 de novembro de 2013.

**DESENVOLVEMENTOS NORMATIVOS E LEXISLATIVOS TRAS A RATIFICACIÓN**


No espazo SUDOE desenvóléronse leis e normativas de carácter europeo, nacional e rexional ou autonómico. Todo este complexo sistema normativo e lexislativo respecta e desenvolve a Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial de 2003.

Como explica a propia Unesco (2021), son tres niveis de concreción que deben funcionar compasadamente para conseguir salvagardar o PCI.

## MARCOS XURÍDICOS E ADMINISTRATIVOS (UNESCO, 2021)

### NIVEL NACIONAL

- Constitución ou carta de dereitos
- Políticas en materia de PCI
- Lexislación relativa ao PCI
- Subvencións
- Redes
- Réxime xurídico do dereito de propiedade intelectual
- Universidades, arquivos e museos



### NIVEL LOCAL

- Decretos, regulamentacións e subvencións dos municipios e das provincias
- Iniciativas das comunidades

### NIVEL INTERNACIONAL

- Convención para a salvagarda do PCI e outras convencións
- Instrumentos universais de protección dos dereitos humanos
- Directrices da OMPI sobre o dereito de propiedade intelectual
- Acordos rexionais
- ONG internacionais e centros de categoría 2



## MARCO NORMATIVO E LEXISLATIVO EUROPEO

O Consello de Europa ten unha páxina web dedicada ao ámbito do patrimonio cultural. Nela promóvense a diversidade e o diálogo a través do acceso ao patrimonio, que se define como soporte da identidade e da memoria colectiva, e factor de entendemento mutuo entre as poboacións.

Pódese acceder a unha lista de normativa do Consello de Europa: estándares de cultura e patrimonio cultural. De todo ese conxunto de leis e normas destácanse as máis influentes no ámbito do PCI.



## MARCO NORMATIVO E LEGISLATIVO EUROPEO

**1 Convenio europeo da paisaxe** (Florença, 2000). A STE núm. 176 ten como obxectivo promover a protección, a xestión e a planificación das paisaxes, e organizar a cooperación internacional neste campo.

**2 Convención de Faro sobre o valor do patrimonio cultural para a sociedade** (Faro, 2005). Na Convención de Faro deféndese unha visión máis ampla do patrimonio na súa relación cos dereitos humanos e coa democracia das comunidades e da sociedade. Nela insístease en que a importancia do patrimonio cultural radica menos nos obxectos e lugares que nos significados e usos que as persoas lles atribúen e os valores que representan. O Consello de Europa impulsou un plan de acción para poñer en práctica os principios desta convención.



**3 Estratexia 21** (2017). É unha recomendación do Consello de Ministros dos Estados membros. A Estratexia 21 ten tres compoñentes principais. O primeiro é o social, no que se impulsan a promoción da participación social e a boa gobernanza cunha serie de recomendacións. O segundo compoñente é o desenvolvemento territorial e económico, que recolle outra serie de recomendacións que respectan os principios de desenvolvemento sostible. Por último, o terceiro compoñente inclúe tamén recomendacións sobre o enriquecemento do coñecemento e a educación, coa achega da investigación e da formación. Cada recomendación vai acompañada de exemplos de boas prácticas. A Estratexia 21 ten un enfoque multidisciplinario e colaborativo, e conta cunha guía metodolóxica.


**4 Convención do Consello de Europa sobre os delitos relacionados cos bens culturais** (Nicosia, 2017). O convenio ten como obxectivo previr e combater o tráfico ilícito e a destrución de bens culturais provocados polo terrorismo e polo crime organizado.



## MARCO NORMATIVO E LEXISLATIVO NO ESPAZO SUDOE

Esta guía está dirixida ao espazo do programa Interreg Sudoe. Actualmente a súa xeografía inclúe as seguintes rexións do suroeste de Europa.

- España: todas as comunidades e cidades autónomas, agás as illas Canarias.
- Francia: as rexións de Nova Aquitania e Occitania, e para a rexión de Auvernia-Ródano-Alpes, a antiga rexión de Auvernia.
- O Principado de Andorra, que participa como terceiro país
- Portugal continental




## FRANCIA (1): MARCO NORMATIVO E LEGISLATIVO NACIONAL

O Ministerio de Cultura, en colaboración cos servizos e organismos competentes, desenvolveu varios mecanismos para xestionar e valorizar o PCI, en particular mediante a creación do **inventario francés do PCI**.

Foi en 2016 cando a noción de PCI se integrou no corpo legislativo francés, máis especificamente no artigo L. 1. da **Lei relativa á liberdade de creación, arquitectura e patrimonio (LCAP)**.

O Ministerio de Cultura coordina a implementación da convención de 2003 a través do Departamento de Investigación, Promoción e PCI dentro da Delegación de Inspección, Investigación e Innovación (DIRI) da Dirección Xeral de Patrimonio e Arquitectura. As accións desenvolvidas arredor do PCI intégranse en todos os mecanismos dedicados á etnoloxía de Francia: programas de investigación, apoio á investigación e formación, e á creación audiovisual, e axudas á publicación.

Este ministerio desenvolve as súas accións en termos de PCI conxuntamente co Centro Francés para o Patrimonio Cultural Inmaterial (Maison des Cultures du Monde). Ademais, traballa en colaboración co Centro Nacional para a Investigación Científica e con varias unidades de investigación especializadas nos campos da etnoloxía e do patrimonio.




## FRANCIA (2): MARCO NORMATIVO E LEGISLATIVO REXIONAL

**A** nivel rexional, as direccións rexionais de asuntos culturais son as equivalentes ás do Ministerio de Cultura en materia de PCI. Os Ethnopôles, polos nacionais de investigación e documentación etnolóxica homologados polo Ministerio de Cultura e en colaboración coas autoridades locais, tamén contribúen á salvagarda e á valorización do PCI nos territorios: realización de inventarios do PCI, enxeñería e apoio a comunidades e asociacións, mediacións etc.

Doutra banda, na **Lei sobre a nova organización territorial da República de 2015 (NOTRe)** encoméndalles ás rexións a facultade de “velar pola preservación da [súa] identidade e pola promoción das linguas rexionais no respecto á integridade, autonomía e atribucións dos departamentos e comunas”. Varias comunidades francesas (rexionais, departamentais ou intermunicipais) agora asumiron a noción de PCI e están a desenvolver numerosas accións para a valorización cultural.

As rexións francesas que integran o espazo SUDOE son Nova Aquitania, Occitania e a antiga rexión de Auvernia, Auvernia-Ródano-Alpes.



## PORTUGAL (1): MARCO XURÍDICO E ADMINISTRATIVO NACIONAL


A lei de referencia nacional é o **Decreto-lei núm. 139/2009, de 15 de xuño**, polo que establece o réxime xurídico de salvagarda do PCI.

Nel inclúense as medidas de salvagarda, o procedemento para inventarialo e a creación da Comisión de Patrimonio Cultural Inmaterial.

Existe un inventario nacional, **MatrizPCI**, xestionado pola Comisión para o Patrimonio Cultural Inmaterial, un órgano dotado de autonomía administrativa, técnica e científica que actúa con independencia e ten funcións deliberativas e consultivas no ámbito da salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

Polo momento inventariáronse un total de sete manifestacións de PCI; outras oitenta e oito manifestacións atópanse en proceso de análise e aprobación.





## PORTUGAL (2): MARCO NORMATIVO E LEXISLATIVO REXIONAL

No decreto-lei mencionado reconécese a importancia do PCI e establécese un sistema de inventario a través dunha base de datos de acceso público que permite a participación de comunidades, grupos e individuos na defensa e posta en valor do PCI; outórgaselles ao Instituto de Museos e Conservación a coordinación do inventario, e ás direccións rexionais o apoio aos interesados no proceso de inventariado; ademais, enmárcase a participación das autoridades locais na promoción e no apoio de eventos de coñecemento, salvagarda e valoración de PCI.

As rexións portuguesas que integran o espazo SUDOE son todas as continentais. Exclúense as rexións insulares de Azores e Madeira.

## ESPAÑA (1): MARCO NORMATIVO E LEGISLATIVO NACIONAL

A lei de referencia sobre patrimonio é a vetusta **Lei 16/1985, de 25 de xuño, do patrimonio histórico español**. A partir dela desenvóléronse as distintas normativas e leis autonómicas, unha vez aprobadas as transferencias das competencias en cultura e patrimonio. O Parlamento está a desenvolver unha nova lei.

Por mor do Plan nacional de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial (Instituto del Patrimonio Cultural de España, 2011), xurdiu a necesidade de promulgar unha nova lei. Aínda que se basea neste plan, no artigo 2 da **Lei 10/2015, de 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial** recóllense algunhas modificacións, no seu artigo 3 incorpóranse uns principios xerais das actuacións de salvagarda totalmente equiparables cos principios éticos da Unesco e no artigo 11 establécense tres competencias.

A primeira é a proposta, elaboración, seguimento e revisión do Plan nacional de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial; a segunda, a xestión do Inventario xeral de patrimonio cultural inmaterial, que se desenvolve no artigo 14; e a terceira e última, a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial mediante a Declaración de manifestación representativa do patrimonio cultural inmaterial, que se desenvolve no artigo 12. Recentemente aprobouse unha modificación para incluír o concepto de manifestación complexa do PCI.





## ESPAÑA (2): MARCO NORMATIVO E LEXISLATIVO AUTONÓMICO

A pesar das leis nacionais anteriores, as competencias de cultura e patrimonio residen en cada unha das autonomías, as cales desenvolveron o seu propio marco normativo e lexislativo.

As autonomías españolas que integran o espazo SUDOE son todas agás as illas Canarias.

**MAPA INTERACTIVO**



## PRINCIPADO DE ANDORRA: MARCO NORMATIVO E LEXISLATIVO

O Principado de Andorra forma parte do espazo SUDOE, aínda que sempre en asociación como terceiro país.

As leis sobre patrimonio cultural son principalmente dous. A máis antiga e xeral é a **Lei 9/2003, de 12 de xuño, do patrimonio cultural de Andorra**.

Tras a ratificación da Convención do patrimonio cultural inmaterial, o 8 de novembro de 2013 modificouse a lei anterior: **Lei 15/2014, de 24 de xullo, de modificación da Lei 9/2003, de 12 de xuño, do patrimonio cultural de Andorra**.



## 4. VALORIZACIÓN DO PCI E SOSTIBILIDADE

- Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030
- Concepto de Desenvolvemento Sostible (DS)
- Proceso de patrimonialización do PCI e valorización
- Unesco: salvagarda e sostibilidade do PCI
- Estratexia 21 do Consello de Europa: recomendacións



## AXENDA 2030 PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A Axenda 2030 é un plan de acción que aborda as tres dimensións do desenvolvemento sostible —a social, a económica e a ambiental— a través de 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) considerados esferas de acción interdependentes. Xa na definición de PCI da convención de 2003 faise referencia expresa a que calquera práctica debe ser compatible cos dereitos humanos, co respecto e co desenvolvemento sostible das comunidades:

**ODS 1:** Fin da pobreza

**ODS 2:** Fame cero

**ODS 3:** Saúde e benestar

**ODS 4:** Educación de calidade

**ODS 5:** Igualdade de xenero

**ODS 6:** Auga limpa e saneamento

**ODS 7:** Enerxía alcanzable e non contaminante

**ODS 8:** Traballo decente e crecemento económico

**ODS 9:** Industria, innovación e infraestrutura

**ODS 10:** Redución das desigualdades

**ODS 11:** Cidades e comunidades sostibles

**ODS 12:** Produción e consumo responsables

**ODS 13:** Acción polo clima

**ODS 14:** Vida submarina

**ODS 15:** Vida de ecosistemas terrestres

**ODS 16:** Paz, xustiza e institucións sólidas

**ODS 17:** Alianzas para lograr os obxectivos



# OBXECTIVOS DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



## DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

“**D**esenvolvemento que satisfai as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades” (Comisión Brundtland, 1987).

O obxectivo último do desenvolvemento sostible (DS) é lograr un equilibrio entre a sostibilidade ambiental, a económica e a social para garantir a transmisión transxeracional a longo prazo.

Implica actuar, cun equilibrio difícil de lograr, na procura dun futuro mellor.

## CONXUGA CATRO FACTORES

### EQUIDADE

Pódese dicir que a sostibilidade da sociedade depende da dispoñibilidade de sistemas de saúde adecuados, da paz e do respecto dos dereitos humanos, do traballo decente, da igualdade de xénero, da educación de calidade e do estado de dereito.

### VIABILIDADE

A sostibilidade da economía depende da adopción dunha produción, dunha distribución e dun consumo apropiados.

### SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

A sostibilidade do medio está impulsada por unha planificación física e un uso da terra adecuados, así como da conservación da ecoloxía ou da biodiversidade.


### TRANSXERACIONALIDADE

É a perspectiva a longo prazo pensando nas xeracións vindeiras, non soamente nas de substitución, co obxectivo de asegurar o seu benestar.



**DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

## PROCESO DE PATRIMONIALIZACIÓN DO PCI E VALORIZACIÓN





### PROCESO DE PATRIMONIALIZACIÓN DO PCI E VALORIZACIÓN

O proceso de patrimonialización ten tres dimensións: **mental** (individuo), **social** (comunidade) e **político-administrativa** (territorio).


Os individuos e os grupos ou comunidades **comparten** usos, coñecementos, expresións, significados, prácticas... Fano na dobre dirección do traxecto antropolóxico: desde o individuo cara á comunidade, con procesos creativos e innovadores; ou desde a comunidade cara ao individuo no proceso de enculturación ou transmisión de xeración en xeración. Ambas as direccións conforman a mente corporeizada dos individuos.

As comunidades e os territorios **seleccionan, destacan e protexen** aqueles elementos do pasado que

estiman valiosos tanto no presente coma para as xeracións futuras. Poden ser procesos autoxestionados polas propias comunidades, pero neles habitualmente participan as institucións con normativas, leis e declaracións.

Polo tanto, ao definir a **valorización** como a adscrición de valores ao patrimonio, implica, en primeiro lugar, unha serie de valores **e vinculacións individuais** experimentados polas persoas; en segundo lugar, **valores socioculturais** que a comunidade desenvolve ao redor da identidade, da cohesión social e do tratamento da diversidade; e, por último, unha serie de valores **de desenvolvemento sostenible** que potencian os territorios.






O PCI (e o patrimonio cultural en xeral) é unha construción do presente (unha selección) que tende unha ponte entre o pasado e o futuro das comunidades, dos individuos e dos territorios. Como está vivo e é evolutivo, caracterízase pola constante negociación entre a continuidade e o cambio.

Como mirada ao pasado, supón a **apropiación crítica** dun legado ao que se lle adscriben valores e do que se rexeitan os antivalores para xerar **vinculacións**.


Como proxección cara ao futuro, a valoración do PCI achega **valores engadidos sostibles**.



As vinculacións das persoas co patrimonio establécense en catro esferas (Fontal e Marín, 2018): **identitaria, histórico-temporal, afectiva e experiencial.**

En cada unha desas esferas o individuo detecta e adscribe **valores simbólicos, histórico-estético-artísticos, emotivos e pracenteiros** relacionados co PCI.

Os portadores do PCI valoran, ademais, a súa **funcionalidade ou uso, así como o valor material e económico** das súas producións, produtos e elementos.



En canto aos usos sostenibles do PCI e os seus valores engadidos, habería que considerar **TRES GRUPOS** diferentes:

Os usos socioculturais caracterizados pola equidade social favorecen a **cohesión social e a xestión da diversidade**. Potencian o **desenvolvemento da cidadanía e os procesos participativos**.

Os usos económicos redistributivos están relacionados coa “economía verde” (novas economías, economía circular...). Exploran formas de turismo **sostible**, desenvolven a **artesanía e o comercio local**, e protexen e distribúen **produtos con denominación de orixe**.

Os usos ambientais, por último, apostan polos **produtos de proximidade** e polas **exploitacións gandeiras extensivas** para preservar a **biodiversidade e o equilibrio ecolóxico** co control da pegada ecolóxica.

## UNESCO: SALVAGARDA E SOSTIBILIDADE DO PCI





Xa na definición coa que empeza a convención de 2003 insístese en que o **PCI ten que ser compatible cos imperativos do DS.**

O PCI pode contribuír ao desenvolvemento social e económico sostible das comunidades, pero o desenvolvemento sostible, á súa vez, pode axudar a que se garanta a viabilidade do PCI minorando os riscos.

A valorización, polo tanto, é unha das accións imprescindibles para salvagardar o PCI, porque **potencia CUATRO EFECTOS** moi importantes e relacionados coa sostibilidade:

- O benestar sociocultural.
- As boas relacións entre as diferentes comunidades e dentro de cada unha delas.
- A prosperidade económica.
- A calidade do medio.

**BENESTAR  
SOCIOCULTURAL**

**RELACIÓNS  
COMUNITARIAS**

**RELACIÓNS  
COMUNITARIAS**

**CALIDADE DO  
MEDIO**



## BENESTAR SOCIOCULTURAL (UNESCO, 2021)

O PCI é moi importante para lograr a seguridade alimentaria, con dietas variadas e saudables.

A medicina tradicional, as actividades físicas, os xogos e os deportes tradicionais contribúen ao benestar e á calidade da saúde dos membros da comunidade de todas as idades.

As prácticas tradicionais relativas á xestión do abastecemento de auga poden contribuír ao acceso equitativo á auga potable e ao uso sostible da auga, particularmente na agricultura e noutros medios de subsistencia.

A paz e a seguridade son tamén valores que se transmiten en moitas manifestacións tradicionais.



## RELACIÓNS COMUNITARIAS (UNESCO, 2021)

O PCI achega exemplos vivos de método e de educación en valores que a xuventude aprende.

O PCI pode contribuír a reforzar a cohesión social e a inclusión, mediante ritos, festas e celebracións diversas que axudan a establecer relacións sociais harmónicas, tanto nas zonas rurais e urbanas coma entre elas.

O patrimonio vivo é decisivo na creación e na transmisión das identidades e dos roles asignados a cada xénero, polo que é fundamental para lograr a igualdade.

O PCI pode axudar a previr e resolver litixios sociais, e promove unha cultura de paz ou, mesmo, restabécea.



### CALIDADE DO MEDIO (UNESCO, 2021)

O PCI pode axudar a protexer a biodiversidade; os sistemas agrícolas tradicionais proporcionan a moitas sociedades do mundo unha dieta variada para unha nutrición adecuada, á vez que preservan os ecosistemas e manteñen a biodiversidade xenética.

O PCI pode contribuír á sostibilidade ambiental; por exemplo, as prácticas tradicionais relativas á xestión do abastecemento de auga poden contribuír ao uso sostible da auga, particularmente na agricultura e noutros medios de subsistencia.

As prácticas e o coñecemento autóctonos relativos á natureza poden promover a investigación sobre a sostibilidade ambiental; por exemplo, á hora de minimizar o consumo de enerxía e de adoptar respostas resilientes, reguladas e pacíficas ante as cambiantes condicións climáticas ou no acceso a espazos e recursos naturais compartidos.



### PROSPERIDADE ECONÓMICA (UNESCO, 2021)

Con frecuencia, o PCI é esencial nos medios de subsistencia de grupos e comunidades aos que lles procura un traballo decente e unha fonte de ingresos.

Este pode xerar ingresos e darlle emprego a unha ampla gama de persoas, incluídas as persoas pobres e vulnerables, para as que a artesanía e o turismo poden ser vitais.

As comunidades teñen dereito a beneficiarse das actividades turísticas relacionadas co seu PCI.



## DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E PCI: POSIBILIDADES, RISCOS E ATENUACIÓN DE RISCOS (UNESCO)

### POSIBILIDADES ECONÓMICAS

Beneficios materiais derivados do uso e da práctica dos elementos do PCI e dos seus coñecementos:

- Integración de prácticas e produtos curativos tradicionais nos sistemas de saúde, por si sós ou combinándoos cos das ciencias biolóxicas.
- Xestión do medio baseada nos coñecementos tradicionais sobre a natureza que xere beneficios para a comunidade.

Xeración de ingresos grazas ás representacións do PCI, ás actividades encamiñadas á súa transmisión, e á comercialización de produtos relacionados en feiras, festivais ou concursos. A utilización de coñecementos tradicionais con fins innovadores.

O turismo cultural sostible.

Apoio económico directo das administracións aos portadores do PCI:

- Pago de produtos e servizos técnicos.
- Pago de representacións.
- Representacións remuneradas de elementos do PCI.

Apoio económico indirecto das administracións:

- Apoio aos executantes con campañas de sensibilización ou de promoción.
- Axuda na comercialización da artesanía.
- Denominacións de orixe e protección da propiedade intelectual.
- Mecenado empresarial.



## RISCOS DA EXPLOTACIÓN ECONÓMICA

A fosilización dos elementos do PCI; isto é, o bloqueo da súa evolución (artigo 2.1 da convención e OD 116)

A explotación abusiva de recursos naturais (artigo 2.1 da convención e OD 116)

A perda de función e significado dos elementos do PCI (OD 117)

A descontextualización dos elementos do PCI (OD 102.a)

O menoscabo da imaxe dos practicantes de elementos do PCI (OD 102.b)

O uso indebido dos elementos do PCI (v 117)

A falta de equidade na distribución dos ingresos xerados polos elementos do PCI (OD 116)

## ATENUACIÓN DOS RISCOS

A participación e o consentimento das comunidades (artigo 15 da convención).

O fortalecemento de capacidades (OD 82).

A creación de mecanismos de consulta (OD 80).

A valoración, avaliación e seguimento dos riscos (OD 105.c e 109).

O establecemento de marcos xurídicos apropiados para protexer os dereitos das comunidades (OD 104)





## Estratexia 21 do Consello de Europa

Na Declaración de Namur (2015), na Convención Cultural Europea adoptada polos ministros da Unión Europea, promoveuse un enfoque compartido e coordinado da xestión do patrimonio cultural. Como consecuencia, en Limassol (Chipre, 2017) púxose en marcha a Estratexia europea do patrimonio cultural para o século xxi. É unha invitación aos responsables políticos, ás partes interesadas e á cidadanía para facerlles fronte aos desafíos actuais a través dunha serie de recomendacións.

Páxina web

<https://www.coe.int/en/web/culture-and-heritage/strategy-21>

Fichas informativas da Estratexia 21

<https://www.coe.int/en/web/culture-and-heritage/strategy-21-factsheets>

Guía metodolóxica

<https://rm.coe.int/european-heritage-strategy-for-the-21st-century-strategy-21-full-text/16808ae270>

Boas prácticas

<https://www.coe.int/en/web/culture-and-heritage/strategy-21-good-practices>

## A promoción da participación social e a gobernanza (S)

O “compoñente social” (S) céntrase na relación entre o patrimonio e as sociedades, a cidadanía, a transmisión e o intercambio de valores democráticos a través da gobernanza participativa e da boa gobernanza mediante a xestión participativa.




### Recomendacións

- S1** Fomentar a participación da cidadanía e das autoridades locais na capitalización do seu patrimonio cotián
- S2** Facer que o patrimonio sexa máis accesible
- S3** Usar o patrimonio para afirmar e transmitir os valores fundamentais de Europa e da sociedade europea
- S4** Promover o patrimonio como lugar de encontro e vehículo para o diálogo intercultural, a paz e a tolerancia
- S5** Fomentar e avaliar prácticas e procedementos de participación cidadá
- S6** Crear un marco adecuado para permitir que as autoridades locais e as comunidades tomen medidas en beneficio do seu patrimonio e a súa xestión
- S7** Desenvolver e promover programas participativos de identificación do patrimonio
- S8** Fomentar as iniciativas de rehabilitación do patrimonio por parte das comunidades e autoridades locais
- S9** Apoiar proxectos interxeracionais e interculturais para promover o patrimonio
- S10** Facilitar e fomentar asociacións (públicas e privadas) en proxectos de promoción e conservación do patrimonio cultural

## Desenvolvemento territorial e económico (D)

Céntrase na relación entre o patrimonio cultural e o desenvolvemento espacial, a economía e a gobernanza local e rexional co debido respecto aos principios do desenvolvemento sostible.



### Recomendacións

- D1** Promover o patrimonio cultural como recurso e facilitar o investimento financeiro
- D2** Apoiar e promover o sector do patrimonio como medio de creación de postos de traballo e oportunidades de negocio
- D3** Promover habilidades e profesionais do patrimonio
- D4** Producir estudos de impacto patrimonial para proxectos de rehabilitación, construción, planificación e infraestrutura
- D5** Fomentar a reutilización do patrimonio e o uso dos coñecementos e prácticas tradicionais
- D6** Garantir que o patrimonio se teña en conta nas políticas de desenvolvemento, ordenación do territorio, medio ambiente e enerxía
- D7** Considerar o patrimonio nas políticas de desenvolvemento do turismo sostible
- D8** Protexer, restaurar e valorizar o patrimonio, e facer un maior uso das novas tecnoloxías
- D9** Empregar técnicas innovadoras para presentarlle o patrimonio cultural ao público para preservar ao mesmo tempo a súa integridade
- D10** Utilizar o patrimonio cultural como medio para darlle á rexión un carácter distintivo e facela máis atractiva e coñecida
- D11** Desenvolver novos modelos de xestión para asegurar que o patrimonio se beneficie dos beneficios económicos que xera

## Coñecemento e educación (K)

O compoñente de coñecemento e educación céntrase na relación entre o patrimonio e o coñecemento compartido, e abarca a sensibilización, a formación e a investigación.



### Recomendacións

- K1** Incorporar a educación patrimonial de maneira máis efectiva nos currículos escolares
- K2** Implementar medidas para animar a mocidade a practicar o patrimonio
- K3** Fomentar a creatividade para captar a atención da audiencia do patrimonio
- K4** Proporcionar un adestramento óptimo para practicantes non profesionais e para profesionais doutros sectores relacionados co patrimonio
- K5** Diversificar os sistemas de formación para os profesionais do patrimonio
- K6** Desenvolver bases de datos de coñecementos sobre materiais, técnicas e coñecementos locais e tradicións
- K7** Asegurarse de que se transmiten os coñecementos e as habilidades involucrados nos oficios patrimoniais
- K8** Garantir as competencias dos profesionais que traballan no patrimonio catalogado
- K9** Desenvolver programas de estudo e investigación que reflectan as necesidades do sector do patrimonio e compartir os achados
- K10** Fomentar e apoiar o desenvolvemento de redes
- K11** Explorar o patrimonio como fonte de coñecemento, inspiración e creatividade

# 5. O PROXECTO LIVHES DE VALORIZACIÓN DO PCI



**EL MUSEU DE LA PESCA I L'ESPAI DEL PEIX**  
 Carrer Major, 58, 17130 Palermós  
 Baix Empordà - Girona (Cataluña)

**ÁMBITOS**

- Estudios socio y económicos locales
- Espacios verdes, rurales o activos urbanos
- Investigación y conservación de los materiales y patrimonio
- Técnicas artesanales tradicionales


**VALORACIÓN**  
 Investigación y evaluación

**INDICADORES DE CALIDAD**

**Enlaces Oficiales**  
 Página web: [Museu de la pesca i l'espai del peix](http://www.museu-de-la-pesca.es)  
 Para saber más: <http://www.interreg.eu>



## O PROXECTO LIVHES DE VALORIZACIÓN: PROCESO PARA O DIAGNÓSTICO COMÚN DE NECESIDADES E SOLUCIÓNS PARA A VALORIZACIÓN DO PCI





## 8 GRUPOS DE TRABAJO TERRITORIAIS

O proxecto LIVHES baséase nunha metodoloxía participativa. Dentro dos territorios asociados, as entidades sociais constituíron oito grupos de traballo territoriais (GTT) co fin de integralos na reflexión sobre as problemáticas e as respostas que se poden dar para promover a transmisión e a valorización do PCI como vector de desenvolvemento local sostible.

Os GTT reúnen os actores chave do PCI identificados polos socios nos seus territorios: actores estruturantes da práctica e das representacións asociadas a ela; profesionais con habilidades (saber facer e cuízos) recoñecidas pola comunidade, formadores, organizadores, decisores públicos etc. Trátase de todo tipo de actores, tanto portadores de prácticas coma voluntarios, profesionais, asociacións ou institucións.

Os GTT son representativos da diversidade de prácticas dentro dos territorios e dos ámbitos de innovación para valorizar o PCI (perspectivas dixitais ao PCI, turismo experiencial, sector agroalimentario, artesanía e oficios, prácticas festivas, educación e sensibilización, transmisión, expresións lingüísticas).

Para constituír os GTT, as entidades sociais tiveron en conta a diversidade de puntos de vista dentro das diferentes comunidades de práctica, a variedade de enfoques e prácticas dentro dunha mesma comunidade, e un enfoque interxeracional (a inclusión da mocidade como actor chave na transmisión).



## 8 GRUPOS DE TRABAJO TERRITORIAIS

Para conciliar representatividade e eficiencia, os socios organizaron os GTT nun ou máis niveis segundo o territorio. Os GTT que abranguen un número elevado de participantes (por exemplo, máis de 12 ou 15) dividíronse en tres niveis:

Un nivel que agrupa as institucións públicas que traballan para o PCI, coma o Estado, as autoridades locais, as institucións económicas, as universidades ou as institucións patrimoniais



Un nivel que agrupa asociacións ou organizacións locais ou rexionais esenciais, xa sexan xeneralistas (interesadas en varios ámbitos do PCI) ou temáticas



Un nivel que integra os profesionais e os colectivos locais, os habitantes ou outros actores non incluídos nos dous niveis anteriores




O Instituto Catalán de Investigación en Patrimonio Cultural, a Universidade Pública de Navarra e o Pays de Béarn, en colaboración co Instituto Occitano da Cultura, optaron por organizar as súas GTT en tres niveis.

## O PROXECTO LIVHES DE VALORIZACIÓN / METODOLOXÍA DO PROXECTO LIVHES

## Os GTT: actores chave do PCI nos territorios asociados

- Administración
- Asociación
- Investigador/centro de investigación
- Museo/institución patrimonial
- Outros





### IDENTIFICACIÓN DE RETOS DO PCI NOS TERRITORIOS

Os retos ou as necesidades para valorizar o PCI dentro de cada territorio identificáronse mediante matrices de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO), elaboradas a partir de reunións cos grupos de traballo territoriais.

Estas necesidades relaciónanse coas dinámicas territoriais do PCI, que concirnen tanto as comunidades de práctica locais coma ás distintas administracións e organizacións que traballan localmente no campo do PCI, e que están intrinsecamente ligadas aos procesos sociais, culturais e económicos dos territorios.





#### NECESIDADES COMÚNS PARA A VALORIZACIÓN DO PCI:

As necesidades de valorización do PCI identificadas polos socios do proxecto LIVHES a través dos oito diagnósticos realizados sintetízanse ao redor de tres eixes comúns aos territorios asociados:

- Viabilidade, recoñecemento e visibilidade do PCI na súa diversidade
- Apoio e acompañamento de actores e colectivos do PCI para a súa transmisión e posta en valor
- Cooperación territorial e gobernanza común para a valorización do PCI

## AS NECESIDADES COMÚNS PARA A VALORIZACIÓN DO PCI

## Viabilidade, recoñecemento e visibilidade do PCI

- Recoñecemento institucional do PCI e dos portadores e actores locais
- Recoñecemento da diversidade do PCI (prácticas ordinarias, culturas vinculadas coas linguas rexionais ou minoritarias etc.)
- Recoñecemento das funcións sociais, económicas e territoriais do PCI
- Consideración dos riscos de descontextualización do PCI



## AS NECESIDADES COMÚNS PARA A VALORIZACIÓN DO PCI

## Apoio e acompañamento dos actores e colectivos do PCI

Apoio ás **dinámicas sociais propias** das comunidades de prácticas (esencialmente nos procesos de transmisión)

Axuda técnica e administrativa ás asociacións

Creación de redes e **estruturación dos actores** do PCI

Valorización **sostible** do PCI



## AS NECESIDADES COMÚNS PARA A VALORIZACIÓN DO PCI

Cooperación territorial  
e gobernanza

Gobernanza inclusiva: integración dos actores asociativos e privados do PCI

Cooperación e gobernanza interterritoriais

Posicionamento das institucións públicas como actores fundamentais da gobernanza común

Cooperación entre departamentos administrativos e campos disciplinares







## IDENTIFICACIÓN E ESTUDO DE BOAS PRÁCTICAS PARA A POSTA EN VALOR DO PCI

En colaboración cos GTT, os socios identificaron boas prácticas para promover o PCI: tres por cada entidade (unha no territorio do socio, unha na zona SUDOE e outra fóra da zona SUDOE). En total preseleccionáronse 27 casos que poderían definirse como boas prácticas. Deste conxunto estudáronse finalmente 18 (nove nos territorios socios e outros nove fóra deles). Para levar a cabo esta selección, os socios buscaron un equilibrio entre os diferentes ámbitos do PCI e os distintos colectivos implicados nos procesos de valorización do PCI; a idea era incluír tanto dinámicas propias das comunidades portadoras da práctica coma proxectos realizados por asociacións ou administracións.

Polo tanto, a análise das 18 boas prácticas partía da **metodoloxía da análise de casos**. En primeiro lugar, en cada un destes casos afondouse no seu carácter modélico e transferible.



## SOLUCIÓN INNOVADORAS PARA A VALORIZACIÓN DO PCI

A análise das 18 boas prácticas orixinou numerosas subcategorías que se agruparon en seis categorías ou eixes principais, como se pode observar nas seguintes páxinas da guía. Moi enfocadas a asegurar unha vitalidade e transmisión previas, preséntanse como orientacións ou solucións posibles para implementar estratexias de valorización do PCI.

### 6 CATEGORÍAS OU EIXES INNOVADORES PARA VALORIZAR O PCI:

- **DINÁMICAS SOCIAIS**
  - **DOCUMENTACIÓN E INVESTIGACIÓN**
  - **TRANSMISIÓN E MEDIACIÓN**
  - **APOIO E ACOMPAÑAMENTO**
  - **REDES E GOBERNANZA**
- **DIVERSIDADE**

## DINÁMICAS SOCIAIS

**Capaces de crear vínculos e impulsar a transmisión.**

Concibidas polas comunidades de prácticas.

Xeradas por un territorio en resonancia coa súa identidade cultural.

Impulsan a federación, a participación e a implicación da poboación local.

Producen interaccións entre distintas prácticas.



## DOCUMENTACIÓN E INVESTIGACIÓN

### Proxectos en interacción cos portadores do PCI.

Accesibles ás comunidades de prácticas ou alimentados polas súas accións.

Integran prácticas ordinarias, raras ou ameazadas.

Teñen en conta a diversidade cultural.

Vectores dunha identidade cultural coa que se identifican os habitantes.



## TRANSMISIÓN E MEDIACIÓN

**Plans integradores, accesibles, participativos e experienciais.**

Combinan procesos formais e informais.

Implican as comunidades de prácticas.

Baseados na participación dos aprendices do público.

Accesibles a todos e, sobre todo, ao territorio (ou mesmo móbiles).

Permiten a mediación turística para dar a coñecer o territorio.



## APOIO E ACOMPAÑAMENTO

Accións destinadas aos portadores de prácticas, ás asociacións e aos sectores económicos.

Apoio técnico e financeiro para salvagardar, transmitir e valorizar.

Estruturación dos sectores económicos e culturais locais.

Traballo en rede dos actores.



## REDES E GOBERNANZA

### Proxectos inclusivos, intersectoriais e interterritoriais

Participación dos practicantes e dos actores chave na gobernanza.

Liderado das entidades públicas locais.

Traballo en rede entre os actores do PCI (do mesmo ámbito ou entre ámbitos distintos).

En perímetros xeográficos variables, mesmo transfronteirizos.



## DIVERSIDADE

**Programas que garanten a pluralidade e a complementariedade das accións de salvagarda-valorización.**

Dispositivos multimodais promovidos por comunidades de prácticas, asociacións, administracións, establecementos culturais, entre outros, ou por unha combinación destes.

Inclúen unha variedade de prácticas (danza, gastronomía, artesanía, canto, festas, xogos, usos agrícolas, pesca, expresións lingüísticas...). Combinan unha variedade de ámbitos de actuación (acción educativa, desenvolvemento económico, investigación, museos, turismo, empresas artesanais, sector agroalimentario, perspectivas dixitais etc.).





## AVALIACIÓN DE BOAS PRÁCTICAS: INDICADORES

Ademais de procurar orientacións ou solucións posibles, unha boa práctica establece un estándar ou requisito de calidade en distintos indicadores. No caso do proxecto LIVHES, estes indicadores de calidade están relacionados coa valorización do PCI.

Na validación das boas prácticas por parte dos grupos focais, pódese proceder metodoloxicamente de varias maneiras: en primeiro lugar, os indicadores poden ser obrigatorios: é dicir, se non se cumpren, rexeitaríase o carácter de boa práctica, e, en segundo lugar, é posible facer unha formulación desde a recomendación e a gradación, no sentido de que se busca que se cumpran maioritariamente, aínda que con distintos graos de cumprimento. Esta segunda opción é a que se empregou en LIVHES: destacar os indicadores máis sobresalientes (gradación), tras a revisión de que todos eles estaban, polo menos, presentes nas prácticas.

Para definir os 25 indicadores cos que se traballou, tivéronse en conta, ademais dos trazos xerais das boas prácticas, os específicos do PCI e do concepto actual de sostibilidade. En concreto, estudáronse as declaracións de boas prácticas da Unesco e da Estratexia 21 da Unión Europea e incorporáronse conceptos coma a equidade, a viabilidade, a sostibilidade ambiental e a visión transxeracional. O resultado é a lista de indicadores e iconas seguintes.

**CERTIFIED**




# INDICADORES DE CALIDADE DE BOAS PRÁCTICAS

Adecúase á convención da Unesco e aos seus ámbitos		Cumpriu a misión e alcanzou os seus obxectivos previstos		É viable economicamente, porque garante un financiamento axustado a un orzamento		Aborda en profundidade unha ou varias accións de salvagarda da Unesco		Dá beneficios económicos directos e indirectos ben redistribuídos	
É sensible ao enfoque de xénero		Tivo éxito cuantitativa e cualitativa		É transparente economicamente		Achega diversidade cultural ou lazos interculturais		Achega beneficios na convivencia político-social	
Potencia a creatividade		É unha práctica modélica para o territorio e transferible a outros contextos		É accesible economicamente		Avaliouse nos anos en que se repetiu		Respecta a lexislación	
Parte dunha boa identificación e delimitación, descrición e contextualización da práctica do PCI		Eficiente na relación de custos e obxectivos alcanzados, na xestión de recursos humanos e no aproveitamento de requirimentos técnicos		Expón unha sensibilización ambiental e valora o seu impacto na conservación do ámbito natural e da biodiversidade		Respecta os principios éticos da Unesco e os principais dereitos e obxectivos internacionais		Respecta os dereitos de propiedade intelectual e os colectivos dos portadores cos que se comparten beneficios	
É plurilingüe		É innovadora		É inclusiva e accesible		Participa a comunidade nela		É transxeracional socialmente	

## 6. BOAS PRÁCTICAS DE VALORIZACIÓN DO PCI

- Ficha dunha boa práctica
- Índice xeográfico de boas prácticas
- 18 boas prácticas ordenadas alfabeticamente
- Leccións ou ensinanzas das boas prácticas



## FICHA DUNHA BOA PRÁCTICA

**NOME DA BOA PRÁCTICA**

**XEOLOCALIZACIÓN DA BOA PRÁCTICA**

**LOCALIZACIÓN**

**IDENTIFICACIÓN GRÁFICA**

**BREVE DESCRIPCIÓN**

**INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA**

**ÁMBITOS DO PCI SEGUNDO A UNESCO**

**CATEGORÍA DE VALORIZACIÓN**

**INDICADORES DE CALIDADE**

**DINÁMICA SOCIAL DE LAS FIESTAS DEL FUEGO DE LOS PIRINEOS FIESTA DEL "BRANDON"**

Lucbon; Comminges; Pirineos centrales; Haute-Garonne; Occitania; Francia




**BREVE DESCRIPCIÓN**

El "brandon" de San Juan ("Eih bar" o "halbar" en gascón occitano) es una fiesta popular de los Pirineos (Pirineos centrales) que se celebra la víspera de San Juan, es decir, la noche del 23 al 24 de junio.

El elemento central de esta fiesta tradicional es un tronco tallado con el que se construye una antorcha gigante de 8 a 12 metros. El tronco, cortado al menos tres meses antes, se descortiza, se parte y se cubre con cuñas para secarlo. Suele plantarse en la plaza del pueblo o en elevaciones cercanas. Se recubre el mismo día de la fiesta. A veces se adorna con flores y se remata con una cruz. Tras estas preparaciones, el brandon o tronco se enciende con antorchas y arderá durante varias horas.

En Francia, esta práctica social y festiva asociada al solsticio de verano tiene lugar en el valle de Barousse (Hautes-Pyrénées) y en Comminges (Haute-Garonne). Un ritual similar ("falles" o "haros") se celebra en Andorra y en los valles pirenaicos de Aragón, Cataluña y Aragón (España).

**ÁMBITOS**

- Tradiciones y expresiones orales
- Usos sociales, rituales y actos festivos
- Técnicas artesanales tradicionales

**VALORIZACIÓN**

Dinámicas sociales

**INDICADORES DE CALIDADE**

Enlaces Oficiales

Buenas prácticas: [Inventario del Patrimonio Cultural Inmaterial de Francia](#)  
Para saber más: [Declaración de la UNESCO](#)

Todas as fichas están deseñadas cun mesmo **esquema informativo**, de maneira que se poidan localizar e interpretar con facilidade.

A columna da dereita inclúe tres apartados máis analíticos: **ámbitos do PCI**, **categoría de valoración principal** e **indicadores de calidade destacados**.


Con ela poderemos extraer **enseñanzas ou leccións** das 18 boas prácticas que se estudaron no proxecto LIVHES.



# ÍNDICE XEOGRÁFICO DE BOAS PRÁCTICAS

DENTRO DOS TERRITORIOS  
ASOCIADOS (T)

FÓRA DOS TERRITORIOS  
ASOCIADOS (F)



## BREVE DESCRICIÓN

O Museo Vivo “Albaola” de Pasaia é un museo-obradoiro dedicado á tecnoloxía marítima artesanal e ao patrimonio marítimo vasco en xeral. Alberga un espazo museístico, un estaleiro para a construción dunha réplica dun baleeiro do século xvi, o San Juan, e un centro de formación profesional en carpintería de mariña. Conta, ademais, cun sitio web e cunha mediateca de grande interese.

Ten un funcionamento circular, no que as accións de recuperación, preservación, transmisión e mediación do patrimonio interactúan constantemente:

os traballadores do obradoiro son tamén profesores do centro de formación; os aprendices participan na benvinda e atención ao público; e os visitantes viven en directo a reconstrución do baleeiro.

A formación profesional é gratuíta para os aprendices, de múltiples nacionalidades, que, a cambio, participan no mantemento e no funcionamento xeral do museo-obradoiro.

## ÁMBITOS

- Técnicas artesanais tradicionais

## VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



## INDICADORES DE CALIDADE



# DANCE DE ALCALÁ DE LA SELVA (8 DE SETEMBRO)



Alcalá de la Selva; Comarca de Gúdar-Javalambre; Teruel, España

## BOAS PRÁCTICAS DE VALORIZACIÓN DO PCI



### BREVE DESCRICIÓN

Este dance, representación tradicional que incorpora partes representadas, danzadas e recitadas, realízase durante dous días a comezos de setembro, en honra á Virxe da Vega. Nel interveñen os embaixadores mouros e cristiáns, e os nenos danzantes acompañados de pastores ou graciosos. Os danzantes son oito nenos de idades comprendidas entre os 8 e os 12 anos. Van ataviados con vestiduras brancas, cintas de cores e chapeus de palla. Bailan sempre diante da Virxe da Vega acompañados de castañolas.

A transmisión desta tradición está en mans do grupo de instrutores en dances de Alcalá de la Selva (Teruel), que ten como cometido a súa preservación, ensinando as mudanzas e evolucións das danzas. Os nenos comezan os seus ensaios arredor do 15 de agosto para poder practicar durante unhas vinte sesións antes da festa.

### ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Tradicións e expresións orais
- Artes do espectáculo

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE




**Ligazóns oficiais**

Boa práctica: [Dance de Alcalá de la Selva](#)  
Para saber máis: [Alcalá de la Selva celebra a Virxe da Vega](#)



Luchon, Comminges, Pireneos centrais;  
Alta Garona, Occitania, Francia



### BREVE DESCRICIÓN

O Brandon de San Xoán (eth har ou halhar en gascón occitano) é unha festa popular dos Pireneos centrais que se celebra na véspera de San Xoán, a noite do 23 ao 24 de xuño.

O elemento central desta festa tradicional é un tronco tallado co que se constrúe un facho xigante de 8 a 12 metros. O tronco, cortado polo menos tres meses antes, descortízase, pártese e cóbrese con cuñas para secalo. Adoita plantarse na praza do pobo ou en elevacións próximas e recóbrese o mesmo día da festa; ás veces adórnase con flores e remátase cunha

cruz. Tras estas preparacións, o brandon ou “tronco” acéndese con fachos e arde durante varias horas.

En Francia, esta práctica social e festiva asociada ao solsticio de verán ten lugar no val de Barousse (Altos Pireneos) e en Comminges (Alta Garona). Un ritual similar (falles ou haros) celébrase en Andorra e nos vales pirenaicos de Arán, Cataluña e Aragón (España). Todo este conxunto de rituais do lume foi declarado patrimonio inmaterial da humanidade pola UNESCO.

### ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Dinámicas sociais



### INDICADORES DE CALIDADE







Béarn e Bas-Adour, Francia



### BREVE DESCRICIÓN

Os portadores do canto polifónico en Béarn son os grupos afeccionados que se reúnen para cantar en espazos privados ou públicos en diferentes contextos: eventos programados, festividades locais ou, de maneira informal, na rúa, bares, mercados etc.

Estes encontros, nos que participan cantantes novos e experimentados, favorecen a transmisión por inmersión ou a interxeracional. A transmisión desta práctica poténciase tamén con formación especializada no Conservatorio de Pau e nos obradoiros organizados polas asociacións de profesionais do canto polifónico.

A promoción e valorización desta manifestación impúlsase coa organización de concertos de grupos profesionais, festivais ou concursos, así como coa produción e edición de CD musicais ou coa súa presenza en distintas ferramentas e plataformas dixitais.

O canto polifónico é un símbolo de identidade local e tamén un vector de desenvolvemento local que utilizan os axentes económicos do territorio (viticultores, artesáns, clubs deportivos...).

### ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Tradicións e expresións orais

### VALORIZACIÓN

Diversidade



### INDICADORES DE CALIDADE



**Ligazóns oficiais**

Boa práctica: [Inventario do patrimonio cultural inmaterial de Francia](#)  
Para saber máis: [Sondaqui, o sitio do PCI occitano na rexión de Aquitania](#)



### BREVE DESCRICIÓN

O Ecomuseo de Barroso é un museo dedicado ao territorio de Terras do Barroso. A súa función cohesionadora e potenciadora da identidade, en constante relación coa poboación local, convertérono nun portador de memoria colectiva dunha comunidade cun rico e diverso patrimonio, e cun imaxinario colectivo diferenciador.

Está situado no altiplano ou nas terras altas de Terras do Barroso, entre a serra do Gerês, de Bornes, de Larouco e da Cabreira, nunha rexión onde as súas xentes preservan prácticas seculares ligadas á terra e aos animais, con coñecementos e técnicas tradicio-

nais, e seguen celebrando festas e rituais únicos. O conxunto museolóxico ten nove estruturas que abordan temáticas do seu patrimonio material e inmaterial, natural e industrial, dedicadas especialmente aos costumes ligados á terra e ao traballo, á organización social cooperativa do pastoreo e a outros factores da paisaxe de media-alta montaña e de terras altas.


Destaca o seu dinamismo nos procesos de inventariado e de estudo e promoción das manifestacións do PCI vivas en Terras do Barroso.

### ÁMBITOS

- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo

### VALORIZACIÓN

Dinámicas sociais



### INDICADORES DE CALIDADE





Lugar de Baltar, 26, 1.º; Castrelo  
Cambados, Pontevedra, España



### BREVE DESCRICIÓN

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, Culturmar, naceu en 1993 tras un encontro de embarcacións tradicionais realizado en Ribeira. Organizouse, en principio, para defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo de Galicia, pero máis tarde decidiuse incluír tamén o patrimonio fluvial. Actualmente está formada por 43 colectivos, entre os que destacan asociacións deportivas, culturais, veciñais e etnográficas. Unha das súas singularidades radica en que todas elas conforman unha rede oficial de voluntariado que traballa na defensa do patrimonio marítimo e fluvial galego-portugués.

Para deseñar o seu plan de acción, foi necesario

intercambiar experiencias con outros territorios na recuperación deste patrimonio, na súa posta en valor e no seu aproveitamento económico. Froito deses contactos e intercambio, en 2009 recibiron unha invitación para formar parte do patrimonio marítimo europeo.

Tamén organiza exposicións e outras actividades, o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Con estas accións dinamiza diversos sectores artesanais asociados ao patrimonio marítimo e fluvial, e, ademais, potencia os atractivos turísticos das comunidades para impulsar un turismo sostible.

### ÁMBITOS

- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación




### INDICADORES DE CALIDADE



### Ligazóns oficiais

Boa práctica: [CULTURMAR. Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial](#)  
Para saber máis: [Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial](#)



## BREVE DESCRICIÓN

A dinámica ao redor da Festa da Nosa Señora das Neves da pedanía burgalesa de Las Machorras mantén o seu carácter tradicional e comunitario. De periodicidade anual, os actos festivos desenvólvense entre o 4 e o 6 de agosto, aínda que destaca o 5, xa que é o día da festa grande no que se desenvolve a romaría na que se danza.

A preparación e os ensaios da danza comezan o 25 de xullo, festividade de Santiago, e van incrementándose segundo se achega a data da romaría. Nela participan catro figuras diferenciadas: o maioral, o rabadán, o bobo e os oito danzantes.

O maioral é un home maior de 16 anos que ensina e dirixe a danza. O rabadán, en cambio, é o neno máis novo do grupo; ten o privilexio ou a facultade de poder molestar o bobo.

O bobo é un personaxe burlesco que tenta interromper a danza e tamén lanza picardías verbais.

Por último, os oito danzantes son os nenos encargados de realizar as evolucións e mudanzas das danzas de varas e de pauciños ou paus. Nos pasacalles da procesión tocan as castañolas.

## ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Técnicas artesanais tradicionais
- Artes do espectáculo


## VALORIZACIÓN


Transmisión e mediación



## INDICADORES DE CALIDADE



 Vinuesa, Soria;  
Castela e León, España



### BREVE DESCRICIÓN

Estes dous actos festivos desenvólvense no contexto da Festa da Nosa Señora e de San Roque de Vinuesa.

O 14 de agosto celébrase La Pingada del Mayo. Os actores principais son dúas organizacións tradicionais: a Confraría da Nosa Señora do Piñeiro, integrada por homes casados, e a Confraría do Señor San Roque, conformada por homes solteiros. Apoiadas polo párroco da localidade, contan co apoio económico e loxístico do Concello, institución que garante a súa viabilidade.

Os piñeiros que se plantan ou levantan, procedentes da zona forestal da localidade, son seleccionados en

función da súa altura e do seu grosor por membros das confrarías, representantes do Concello e persoal da Gardería Forestal. En primeiro lugar, levántase na praza Maior (praza de Juan Carlos I) o maio dos casados; a continuación, o maio dos solteiros, na praza de La Soledad.

La Pinochada é o segundo acto festivo. Celébrase o 16 de agosto e representa unha batalla incruenta na que as mulleres de Vinuesa adquiren todo o protagonismo. Vestidas co traxe típico de piñorras e portando ramas de piñeiro ou pinochos procedentes da derramadura dos maíos, van dándolles coas ramas a todos os homes que se poñan ao seu alcance.

### ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Dinámicas sociais




### INDICADORES DE CALIDADE





Pays de Nay, Béarn, Pireneos Atlánticos,  
Nova Aquitania, Francia



### BREVE DESCRICIÓN

A Ruta do Ferro nos Pireneos é unha iniciativa de mediación transfronteiriza sobre coñecementos tradicionais siderúrxicos. Está destinada ao público en xeral (poboacións locais e turistas) e combina patrimonio vivo material, inmaterial e memorial.

Trátase da parte pirenaica dun itinerario cultural do Consello de Europa para poñer en valor o patrimonio cultural común. Reúne sitios e espazos culturais diversos (fraguas, minas, obradoiros e museos) vinculados á tradición siderúrxica común en Cataluña, Andorra, País Vasco, Ariège e Béarn (Pays de Nay) en Daban (Francia), que posúe un saber facer pouco común (en perigo de extinción), especialmente

ligado ás prácticas pastorais predominantes na contorna.

A ruta diríxese actualmente a Comunidade de Municipios de Pays de Nay (CCPN, polas súas siglas en francés) en colaboración coa asociación local Fer et Savoir-Faire, que iniciou a precursora do proxecto.

A asociación integra autoridades locais, xestores culturais e axentes dos diferentes territorios, co obxectivo de promover accións de mediación e comunicación patrimoniais. Ademais das accións promovidas por museos e centros de interpretación, impúlsanse rutas de sendeirismo e visitas a obradoiros, coma a dun dos últimos fabricantes de chocas (Pays de Nay-Béarn).

### ÁMBITOS

- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE




**Ligazóns oficiais**

Boa práctica: [La Route du Fer dans les Pyrénées](#)  
Para saber máis: [Oficina de Turismo de Pays de Nay](#)



Mosqueruela, Mirambel e Iglesias del Cid,  
El Maestrazgo, Teruel, España

## BOAS PRÁCTICAS DE VALORIZACIÓN DO PCI



### BREVE DESCRICIÓN

Organizadas polo Xeoparque de El Maestrazgo, parque cultural que é, á súa vez, Xeoparque Mundial da Unesco, estas xornadas inclúen unha serie de obradoiros para valorizar a técnica do traballo da pedra en seco, unha técnica construtiva tradicional incluída na lista representativa do patrimonio inmaterial da humanidade pola Unesco. Nesta mesma rexión de El Maestrazgo tamén foron incluídas as tamboradas da Ruta do Tambor e do Bombo.

Mosqueruela, Mirambel e Iglesias del Cid en 2022, e outras localidades da comarca de El Maestrazgo en anteriores edicións, son o escenario para dar a coñecer esta técnica tradicional que consiste en construír sen usar ningún tipo de argamasa ou morteiro, soamente con pedras ou cachotes. En raras ocasións

talladas, estas pedras encáixanse para conseguir a máis correcta disposición e contacto, xogando coa gravidade para edificar ou construír muros, bancais, chozas e outras obras tradicionais. Aproveitando as mostras presentes na paisaxe do xeoparque, realízanse estas sesións impartidas por expertos. A elas pode asistir calquera persoa interesada nesta manifestación do PCI.

Ademais, na contorna pódese gozar tamén do patrimonio xeolóxico, arqueolóxico e cultural. De feito, algúns dos seus xacementos arqueolóxicos forman parte do conxunto de arte rupestre do arco mediterráneo da península ibérica, tamén considerado patrimonio da humanidade (Unesco). Estas localidades, por outra banda, son un exemplo de conservación dos seus conxuntos históricos.

### ÁMBITOS

- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Dinámicas sociais




### INDICADORES DE CALIDADE



Ligazóns oficiais

Boa práctica: [Xeoparque de El Maestrazgo](#)  
Para saber máis: [Facebook](#)

 Rúa Colón 17, 6.º D, Vigo,  
Pontevedra, España

## BOAS PRÁCTICAS DE VALORIZACIÓN DO PCI



### BREVE DESCRICIÓN

Ponte... nas ondas! (PNO!) é unha asociación galego-portuguesa que se creou en 1995 para deseñar e impulsar experiencias educativo-culturais que recuperasen, desen a coñecer e salvagardasen o patrimonio común entre Galicia e Portugal.

Co foco posto na mocidade, estas prácticas consolidaron un modelo transfronteirizo onde os portadores do PCI e as comunidades escolares participaron en metodoloxías innovadoras para salvagardar este patrimonio compartido. A transmisión ampliouse con programas audiovisuais —maioritariamente a

través da radio—, para cuxa elaboración este grupo de idade comezou a procurar e recoller elementos e manifestacións patrimoniais, ou converteuse en portador, coma nas xornadas de xogos tradicionais.

A dixitalización de todas estas prácticas e actividades, e a súa difusión a través de internet, permitiu proxectar aínda máis todo este labor nos colexios. De feito, recentemente foi distinguida como boa práctica de salvagarda pola Unesco.

### ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Técnicas artesanais tradicionais
- Artes do espectáculo

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE



**Ligazóns oficiais**

Boa práctica: [Modelo “Ponte... nas ondas!”](#)  
Para saber máis: [Meniños cantores](#)





### BREVE DESCRICIÓN

O Espai del Peix é unha extensión do Museo da Pesca. Está dedicado a promover e difundir as variedades de peixe fresco da lonxa de Palamós, especialmente das especies menos coñecidas no mercado. Ao igual que o museo, pretende darlle visibilidade ao sector pesqueiro.

Responde á necesidade de completar o ciclo de coñecementos tradicionais arredor do mundo da pesca e do consumo de peixe fresco.

Desde unha mirada antropolóxica, abórdase, en primeiro lugar, o coñecemento do produtor. Así, explícanse o oficio de pescador, a tradición pesqueira local, as técnicas e a evolución da actividade.

En segundo lugar, e cunha énfase maior na mediación e na sensibilización, promóvese o consumo de peixe, nun percorrido polas súas clases e especies, e polos seus valores nutricionais. Así mesmo, edúcase en aspectos prácticos, coma as claves para comprar no mercado ou para a súa elaboración culinaria.

A gastronomía asociada ao peixe (ingredientes, receitas, cazolas, vasillas etc.) completa a experiencia do visitante coa posibilidade de degustar a cociña mariñeira. Ofrécense propostas que proveñen tanto do receptorio tradicional dos pescadores coma da gastronomía máis innovadora. En todos estes pratos úsanse especies de proximidade: nutritivas, saudables e de baixo custo.

### ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE





## BREVE DESCRICIÓN

O colectivo Núcleo Promotor do Auto da Floripes 5 de Agosto ten como misión preservar, valorizar e promover esta tradición, que é un símbolo cultural e identitario da comunidade. Esta asociación foi creada o 6 de agosto de 2010 polos propios actores ou comediantes populares de varias xeracións.

O auto da floripes é unha representación teatral tradicional que é posta en escena polos habitantes do lugar das Neves durante a Festa de Nosa Señora das Neves, o 5 de agosto de cada ano. Pertence ao chamado “ciclo carolinxió” e escenifica, desde hai séculos, a loita entre mouros e cristiáns cunha estilizada coreografía.

O núcleo promotor apostou por estratexias de salvagarda e de evolución ou recreación, pola documentación exhaustiva do proceso de montaxe, pola recompilación sistemática de material asociado ao auto da floripes e polo impulso da investigación desta manifestación do PCI.

En canto á transmisión, conseguiu a súa revitalización a través da formación da mocidade por parte da comunidade para fortalecer a transmisión interxeracional. Así mesmo, promocionou o auto da floripes en encontros de teatro popular nacionais e internacionais.

## ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos


## VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación




## INDICADORES DE CALIDADE



 Subijana Etxea, Kale Nagusia, 70,  
Villabona; Gipuzkoa, España

BOAS PRÁCTICAS DE VALORIZACIÓN DO PCI



## BREVE DESCRICIÓN

A Asociación Bertsozale Elkartea, froito dunha profunda reflexión, conseguiu revitalizar bertsolarismo, a arte de cantar en verso de maneira improvisada. Comezou no último terzo do século xx e, hoxe en día, é un modelo de evolución autoxestionada. A súa valorización fundamentouse nun movemento sociocultural de confederación de asociacións baseado no valor identitario da lingua vasca, o que lle asegura a viabilidade socioeconómica tanto coas cotas dos seus asociados e asociadas coma coa xestión do diñeiro das actuacións en diversos contextos.

Bertsozale Elkartea ten un programa de actividades moi variado. O seu Departamento de Fomento organiza festivais, campionatos, certames, actuacións de praza e tamén informais, herdeiras dos contextos

tradicionais. Ademais, impulsa actuacións máis experimentais. A Área de Comunicación promove a difusión en programas televisivos e radiofónicos, así como co seu portal dixital. A Área de Transmisión asegura o futuro do bertsolarismo organizando obradoiros en 120 localidades, o que garante a substitución dos improvisadores e improvisadoras, pero tamén renovan o público potencial. Tamén está presente en distintos programas da educación formal.

Toda esta actividade poténciase desde Xenpelar, o seu centro de documentación e arquivo informativo, que trata de completar un corpus do bertsolarismo contemporáneo, ademais de ser unha ferramenta de referencia nos labores programados.

## ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Artes do espectáculo

## VALORIZACIÓN

Diversidade




## INDICADORES DE CALIDADE




**Ligazóns oficiais**

Boa práctica: [Asociación de amigos del bertsolarismo / Bertsozale Elkartea](#)  
Para saber máis: [Xenpelar Dokumentazio Zentroa](#)

 Aubagne, Bocas do Ródano,  
Provenza-Alpes-Costa Azul (PACA), Francia

BOAS PRÁCTICAS DE VALORIZACIÓN DO PCI



## BREVE DESCRICIÓN

Desde Aubagne ata Saint-Zacharie, a industria da cerámica, da olería e do azulexo foi unha importante fonte de desenvolvemento que lles deu vida ás cidades e ás vilas de Pays d'Aubagne e de l'Étoile. En Aubagne a cerámica é unha tradición secular, cuxas primeiras referencias documentais remóntanse ao século xv.

Co proceso de industrialización do século xix, xunto co crecemento de Marsella e Aix en Provenza, a industria baseada na olería e na cerámica de Aubagne supuxo outro polo de desenvolvemento da Provenza, eminentemente relacionado co patrimonio.

Na actualidade, esta tradición vese reforzada pola diversidade de obradoiros e pequenas fábricas en funcionamento.

Para promover estes oficios vinculados ao territorio e valorizalos cultural, social e economicamente, realízanse multitude de accións: algunhas con máis tradición e máis consolidadas, coma preservar a elaboración tradicional nos obradoiros; outras máis recentes, coma a feira internacional Argilla Aubagne, posiblemente a maior de Europa; e outras que exploran camiños innovadores no deseño.

## ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Técnicas artesanais tradicionais

## VALORIZACIÓN

Diversidade




## INDICADORES DE CALIDADE




Ligazóns oficiais

Boa práctica: [Oficina de turismo de Pays de Aubagne et de l'Étoile](#)  
Para saber máis: [Vídeo sobre as boas prácticas](#)

 Praza da Deputación, 6, Sesma,  
Comunidade Foral de Navarra, España

## BOAS PRÁCTICAS DE VALORIZACIÓN DO PCI



### BREVE DESCRICIÓN

O programa Landarte de arte e ruralidade do Departamento de Cultura do Goberno de Navarra promove anualmente unha relación entre a cultura tradicional das localidades rurais de Navarra e os artistas ou creadores contemporáneos. Este diálogo entre pasado e presente, entre tradición e modernidade, potencia os procesos de reflexión dos portadores, o dinamismo cultural e, en moitos casos, os procesos de valorización do seu patrimonio local.

Durante os anos 2017, 2018 e 2019 desenvolveuse en Sesma (Navarra) ao redor da cultura do esparto. Tras documentar e investigar os coñecementos e as

técnicas tradicionais —non se pretendeu revitalizar o oficio (trenzado e elaboración de pezas e labores de esparto para unha forma de vida agropastoril xa extinta), un traballo duro e de baixa rendibilidade económica—, as accións centráronse en valorizar o coñecemento e o respecto do medio (recoñecemento, coidado e recolección do esparto), o esforzo (a dureza dos labores manuais coma o mallado) e a pericia ou habilidade (trenzado do esparto) en obradoiros interxeracionais e interculturais nos que se elaboraron novos deseños e utensilios máis actuais; é dicir, centrouse en preservar e transmitir a técnica artesanal e non o oficio.

### ÁMBITOS

- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación




### INDICADORES DE CALIDADE



**Ligazóns oficiais**

Boa práctica: [ARTESPARTO / Feira do esparto en Sesma](#)  
Para saber máis: [Concello de Sesma](#)



## BREVE DESCRICIÓN

A estratexia de valorización do sector do coiro, luxo, téxtil e artesanía busca a viabilidade de todas estas artesanías mediante unha estruturación do sector e un acompañamento das súas pequenas empresas, co obxectivo de facerlles fronte aos desafíos contemporáneos.

Está dirixida polo Instituto Rexional do Coiro, Téxtil e Artesanía de Nova Aquitania, organismo presidido pola propia rexión e que agrupa os axentes do sector. O plan de acción artículase en catro eixes.

- Desenvolvemento de proxectos empresariais.
- Creación e mantemento de postos de traballo,

así como das competencias profesionais dos artesáns.

- Distinción e divulgación dos coñecementos técnicos artesanais de excelencia ao presentalos de forma atractiva.
- Favorecemento da proxección das empresas co acceso a novos mercados.

O plan apoia as empresas do sector para garantir a continuidade da súa actividade. Desta maneira, ademais, contribúese a preservar coñecementos e técnicas tradicionais do sector do coiro, luxo, téxtil e artesanía, e dos oficios de arte.

## ÁMBITOS

- Técnicas artesanais tradicionais

## VALORIZACIÓN

Apoio e acompañamento




## INDICADORES DE CALIDADE





Territorio de montaña do País Vasco,  
Pireneos Atlánticos, Nova Aquitania, Francia

## BOAS PRÁCTICAS DE VALORIZACIÓN DO PCI



### BREVE DESCRICIÓN

A Guía de boas prácticas na montaña vasca é un sistema de mediación con recomendacións sobre o comportamento adecuado no contexto de situacións nas que a convivencia nun mesmo espazo de usos tradicionais da montaña e as prácticas turísticas e de lecer poida xerar un conflito.

A guía, destinada tanto a visitantes coma a agricultores e gandeiros locais, promove o coñecemento e a comprensión dos usos tradicionais da montaña. Contribúe á sostibilidade das prácticas e dos métodos de xestión, así como á viabilidade da economía agropastoril local. Publicada en 2010, consiste nun pequeno cartafol no que, a través de fichas prácti-

cas en forma de banda deseñada, o protagonista das viñetas explica que facer en cada situación. Está á disposición dos municipios e dos xestores dos pastos de verán, pero tamén se atopa en varios medios de comunicación aos que poden acceder os visitantes.

Desde 2019, o Servizo de Montaña da Comunidade de Aglomeración do País Vasco (CAPB, polas súas siglas en francés), en colaboración coa Euskal Herriko Mendi Elkargoen Batasuna (EHMEB, polas súas siglas en éuscaro), actualízaa para darlles resposta a novas cuestións, no marco da creación do parque Parque Natural Rexional da Montaña Vasca.

### ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE




### Ligazóns oficiais

Boa práctica: [Guía de boas prácticas na montaña](#)  
Para saber máis: [Communauté d'agglomération Pays Basque](#). Youtube







En segundo lugar, atópanse as **dinámicas sociais**, con 4 das 18. Nelas parece primar o protagonismo da comunidade e a súa evolución autoxestionada para facerlles fronte aos retos e ás ameazas.

A categoría da **diversidade**, que en certo xeito é unha utilización de todas as demais, é a designada en 3 das 18 boas prácticas.

O **apoio e o acompañamento** soamente se considera principal en 1 das 18, na do sector do coiro, luxo, téxtil e artesanía de Nova Aquitania. É interesante porque representa a perspectiva das administracións públicas na xestión do PCI, un rol que aínda está moi pouco desenvolvido.



Podería sorprender que as categorías de **documentación e investigación e de redes e gobernanza** non se seleccionasen como categorías principais en ningunha das boas prácticas. Un estudo máis pormenorizado dáns algunhas claves moi interesantes.

Aínda que a categoría de documentación e investigación está presente en moitas das boas prácticas, non se considera suficiente para asegurar un proceso de valorización, senón un paso previo a el.

O caso da categoría de redes e gobernanza é diferente, porque apenas se pode rastrexar na análise de moitas das boas prácticas. Parece, polo tanto, que ten un carácter innovador e que volve ser unha perspectiva actualizada das administracións.



## INDICADORES DE CALIDADE DAS BOAS PRÁCTICAS

Se adecua a la Convención de la UNESCO y a sus ámbitos.		Ha cumplido la misión y alcanzado sus objetivos previstos.		Plantea una sensibilización medioambiental y valora su impacto en la conservación del ámbito natural y de la biodiversidad.		Sensible al enfoque de género.		Da beneficios económicos directos e indirectos bien redistribuidos.	
Aborda en profundidad una o varias acciones de salvaguardia de la UNESCO.		Ha sido exitosa cuantitativa y cualitativamente.		Es viable económicamente, porque garantiza una financiación ajustada a un presupuesto y estable.		Aporta diversidad cultural o lazos interculturales.		Aporta beneficios en la convivencia político-social.	
Potencia la creatividad.		Eficiente en los costes y objetivos alcanzados, en gestión de recursos humanos, y aprovechamiento de requerimientos técnicos.		Es transparente económicamente.		Es plurilingüe.		Respeto los principios éticos de la UNESCO y los principales derechos y objetivos internacionales.	
Parte de una buena identificación y delimitación, descripción y contextualización de la práctica del PCI.		Es una práctica modélica para el territorio y transferible a otros contextos.		Es accesible económicamente.		Transgeneracional socialmente.		Respeto los derechos de propiedad intelectual y los derechos colectivos de los portadores con los que se comparten beneficios.	
Ha sido evaluada durante varios años en que se ha repetido.		Es innovadora.		Inclusiva y accesible.		En ella participa la comunidad.		Respeto la legislación.	

Respecto aos **indicadores de calidade**, cómpre lembrar que eran orientadores. Non se someteron as boas prácticas a unha avaliación para que se valorase se cumprían estes 25 indicadores e en que grao, senón que cada grupo de traballo territorial seleccionou os 4 que mellor encaixaban co carácter modélico da práctica.

Desta maneira, os indicadores máis empregados para a caracterización foron, por esta orde, os relativos ao carácter **modélico e transferible**, á **participación da comunidade**, a que é un **exemplo de salvagarda**; a que **asegura a transmisión transxeracional**; a que **potencia a sostibilidade ambiental**; e a que é unha **práctica previamente avaliada**.

Con menor frecuencia, aparecen tamén indicadores sobre a **potenciación da creatividade**, o **carácter innovador**; a **interculturalidade**; os beneficios económicos económicos que produce; ou a súa **inclusividade e accesibilidade**.


Aínda que algúns dos demais tamén se usan, a súa frecuencia non é representativa estatisticamente.

## 7. EXPERIENCIAS PILOTO DO PROXECTO LIVHES

- Plans territoriais e experiencias piloto
- Explicación das experiencias piloto
- Oito experiencias piloto



## PLANS TERRITORIAIS E EXPERIENCIAS PILOTO



O deseño do proxecto LIVHES culmina coa elaboración desta guía de valorización e a súa posta en práctica nunha experiencia piloto.

Como xa se explicou, identificáronse os retos de cada territorio e analizouse unha boa práctica dentro de cada un e outra fóra deles; é dicir, dezaioito en total. As conclusións recolléronse nun diagnóstico territorial.

Posteriormente, tras contrastalos, obtivéronse unhas necesidades comúns que se reflectiron no diagnóstico común e nas seis solucións innovadoras que inspiran esta guía.

Os oito plans territoriais (un por cada territorio) recollen todo este proceso. Parten dunha descrición das principais características do PCI do territorio para recoller despois os desafíos ou retos da súa posta en valor.

Analizan as posibilidades das seis solucións innovadoras e, a partir delas, deseñan e desenvolven a experiencia piloto en todos os seus pormenores: situación inicial, obxectivos, planificación e cronograma das accións, planificación da transferencia e da socialización de coñecementos, orzamento, contribución dos actores do territorio e avaliación. Por último, recollen outras accións previstas fóra do proxecto LIVHES.

Estes plans pódense consultar na páxina web do proxecto.

## EXPLICACIÓN DAS EXPERIENCIAS PILOTO

VALORIZACIÓN Y RECUPERACIÓN DE LA MEMORIA Y RECREACIÓN DE LA ELABORACIÓN DE ACEITE DE ENEBRO EN RIBA-ROJA D'EBRE  
(Riba-roja d'Ebre - Tarragona - Cataluña - España)
EXPERIENCIAS PILOTO DEL PROXECTO LIVHES



**BREVE DESCRIPCIÓN**

La prueba piloto del ICRPC se ha implementado en el municipio de Riba-roja d'Ebre, afectado por la despoblación y con problemáticas propias de territorios periféricos. La identificación de la fiesta del aceite de anebro como un evento a valorar, y vinculado directamente a los hombres de aceite de anebro, ha centrado la actuación en este territorio.

Se ha trabajado conjuntamente con la comunidad local, principalmente con la Asociación de Amigos de Riba-roja d'Ebre y el centro escolar del municipio, en la elaboración de plataformas interpretativas, una maleta pedagógica, registro audiovisual de entrevistas orales y experimentación con una aplicación móvil cooperativa.

El objetivo central de la experiencia era responder a los retos detectados en el diagnóstico agro-urbanístico: la ausencia de las buenas prácticas identificadas en torno al desarrollo local basado en el patrimonio, especialmente en el PCI. En este caso, se ha centrado en la revitalización de la identidad cultural y territorial, e impulsando, como valor añadido, un turismo cultural sostenible.



**ÁMBITOS**

Usos sociales, rituales y actos festivos  
Conocimientos y usos relacionados con la naturaleza y el entorno  
Tradiciones artesanales tradicionales

**VALORIZACIÓN**

Transmisión y modificación



**INDICADORES DE CALIDAD**



Enlaces Oficiales
Experiencia piloto: [sitio web](#)

---

VALORIZACIÓN Y RECUPERACIÓN DE LA MEMORIA Y RECREACIÓN DE LA ELABORACIÓN DE ACEITE DE ENEBRO EN RIBA-ROJA D'EBRE  
(Riba-roja d'Ebre - Tarragona - Cataluña - España)
EXPERIENCIAS PILOTO DEL PROXECTO LIVHES

**FECHA DE REALIZACIÓN**

- Febrero/Diciembre (2022)

**OBJETIVOS**

- Crear e instalar plataformas interpretativas de la fiesta del aceite y sobre el funcionamiento de los hornos de aceite de anebro, a partir de la generación de contenidos procedentes del trabajo conjunto con la comunidad.
- Experimentar con una aplicación móvil al trabajo cooperativo destinado a la socialización del patrimonio cultural inmaterial local. Centrar esta experimentación en la comunidad y en la escuela local.
- Contribuir en la creación de una maleta pedagógica destinada a la socialización de la fiesta y de los hornos de aceite de anebro, en colaboración con las escuelas de la localidad.
- Documentar, a través de entrevistas orales, el conocimiento de miembros de la comunidad local sobre la fiesta y hornos de aceite de anebro.

**DESTINATARIOS**

- Comunidad local y comarcal, que participen cada año en la fiesta del aceite de anebro, como elemento cohesivo y dinamizador de la propia comunidad.
- Visitantes externos como elemento de revitalización turística del territorio.
- Comunidad escolar, a través de la escuela local, como elemento de dinamización intergeneracional y de aprendizaje.

**PRODUCTOS FINALES**





**EVALUACIÓN**

De la encuesta cualitativa a la comunidad local se desprende que la prueba piloto tiene un impacto directo positivo en la socialización del PCI del territorio. Los agentes involucrados consideran que la actuación de ese patrimonio a través de la aplicación de buenas prácticas constituye un elemento que contribuye a la puesta en valor cultural y turística del territorio.

El centro escolar con el que se ha trabajado concibe una valoración positiva al trabajo con aplicaciones móviles con los alumnos y alumnas, y con un mayor aprovechamiento fuera del aula. Las acciones se valoran más positivamente en el ámbito de la socialización y difusión del PCI, por encima de su implementación en el contexto escolar.

Por último, opinan que es imprescindible el trabajo con el alumnado en la socialización y difusión del PCI local, si se quiere transmitir a las nuevas generaciones en la necesidad de preservar y transmitir el conocimiento.

Enlaces Oficiales
Plan territorial: [sitio web](#)

As oito experiencias piloto resumíronse nesta guía, en dúas páxinas que seguen un esquema común.

Na sección superior de ambas as páxinas aparece o título descriptivo da experiencia piloto e a localización en cada territorio.

Na sección central da primeira páxina diferenciáronse dúas zonas. Na primeira aparece o logo do socio que desenvolve a experiencia piloto, un vídeo que a resume e unha breve descrición. Na segunda zona desta sección central deseñouse unha columna que conecta co traballo de diagnóstico e análise realizado previamente. Identifícanse os ámbitos do PCI aos que responde a experiencia, a solución innovadora principal empregada e os indicadores de calidade que a inspiran.

Na sección central da segunda páxina, tamén dividida en dúas zonas, aparece unha columna á esquerda na que se recollen a data de realización e os obxectivos abordados. Na segunda zona detalláronse os destinatarios principais, a avaliación e as fotografías dos produtos finais desenvolvidos.

Por último, na sección inferior das dúas páxinas, habilitouse unha ligazón a unha explicación máis extensa e detallada de cada experiencia piloto.



# ALÂNDEGA IMATERIAL. CENTRO DO PATRIMÓNIO CULTURAL IMATERIAL DO RIO MINHO

Edifício Ex Alfândega, avenida de Espanha, s/n, Valença;  
Valença do Minho, Portugal

## EXPERIENCIAS PILOTO DO PROXECTO LIVHES



### BREVE DESCRICIÓN

A experiencia piloto do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT Rio Minho) é a primeira fase dun proxecto máis extenso que tenta salvagardar, transmitir e valorizar o PCI deste territorio transfronteiriizo xa catalogado ou en vías de catalogación.

A solución atopada para xestionar toda a documentación, a investigación e a información destas manifestacións culturais foi a súa musealización por dúas vías: a creación dun centro físico de exhibición e mediación, e dunha

plataforma virtual que desenvolva o contido web dese centro de interpretación. Ao proxecto global déuselle o nome de Alfândega Imaterial. Centro do Património Cultural Imaterial do Rio Minho.

Con todo, como a habilitación do edificio físico da alfândega (aduana) se abordará nunha segunda fase, desenvolveuse agora o espazo virtual permanente ([www.alfandegaimaterial.eu](http://www.alfandegaimaterial.eu)), que mostra as principais áreas do patrimonio común galego-portugués, con expresións representativas da eurorrexión.

### ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Tradicións e expresións orais (incluído o idioma como vehículo do PCI)
- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Documentación e investigación



### INDICADORES DE CALIDADE





### DATA DE REALIZACIÓN

- Xuño de 2022 / marzo de 2023

### OBXECTIVOS

- Recompilar, inventariar, documentar e investigar as manifestacións do PCI do territorio do río Miño transfronteirizo para mellorar o seu recoñecemento e para apoderar os seus portadores e actores, ademais de catalogalas nas áreas de tradicións orais, coñecementos e comercios tradicionais, cultura fluvial e marítima, cultura agraria e ciclo festivo anual.
- Deseñar e crear a plataforma dixital que desenvolva os contidos do futuro centro patrimonial.
- Reforzar a transmisión interxeracional co espazo virtual.
- Xerar valores engadidos no patrimonio local como motor dun desenvolvemento local sostible co futuro centro.

### DESTINATARIOS

- Público directo:** está configurado polos portadores, actores e asociacións dinamizadoras do PCI do territorio e tamén polos investigadores; por último, polos técnicos e xestores das administracións ás que lles corresponde dinamizar a cultura.
- Público indirecto:** en primeiro lugar, todos os habitantes ou veciños da Eurorrexión Río Miño, que verán dignificado o seu legado; en segundo lugar, os visitantes, que poderán acceder agora aos contidos de forma virtual e, nun futuro, no espazo museístico de exhibición e mediación.

### AVALIACIÓN

O proceso de avaliación analiza a efectividade da plataforma dixital como ferramenta de inventario. Révisase, en primeiro lugar, o número de rexistros e contidos introducidos, co que se xera un cociente de supervisión e crecemento do repositorio. Os indicadores de uso que se deseñaron son habituais no ámbito virtual: tempo de visita, visualizacións, consultas realizadas etc.

En cada manifestación do PCI inventariada consígnanse indicadores cuantitativos e cualitativos sobre a participación da comunidade e a súa implicación na xestión da plataforma.

A avaliación do programa piloto realizarase máis profundamente nas distintas fases do proxecto. Na actual, de visibilidade externa da plataforma dixital, interesan estes aspectos.

### PRODUTOS FINAIS







# PAYS de BÉARN



### BREVE DESCRICIÓN

A experiencia piloto consistiu no deseño e desenvolvemento de xornadas de cohesión social (team-building) para traballadores de empresas asentadas en Béarn. O obxectivo último do Pays de Béarn era que estes colectivos descubrisen e transmitisen as prácticas culturais locais vivas como primeiro paso para transferir esta oferta cultural a toda a contorna profesional.

Para deseñar o contido recorreuse a Ciutat, unha empresa de servizos especializada na

promoción da cultura e da lingua bearnesas. Implementáronse catro programas baseados no canto polifónico, na danza, na narración de contos e no deporte tradicional dos birlos.

Un factor moi innovador era reforzar o sentimento de pertenza a un equipo laboral coa práctica de manifestacións culturais colectivas bearnesas, o cal achegaba un sentido adicional de apego ao territorio, de creatividade e de benestar e riqueza social, á vez que xeraba un valor engadido económico.

### ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Técnicas artesanais tradicionais
- Artes do espectáculo
- Tradicións e expresións orais (incluído o idioma como vehículo do PCI)

### VALORIZACIÓN

#### Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE





### DATA DE REALIZACIÓN

- Febreiro de 2022 / febreiro de 2023

### OBXECTIVOS

- Mellorar o recoñecemento do PCI por parte da sociedade, das institucións e das autoridades locais (axentes, funcionariado e cargos electos).
- Promover unha visión holística do patrimonio, tendo en conta a estrutura ecosistémica das prácticas culturais.
- Vincular os actores do sector cultural e do sector económico (profesionais, fabricantes locais de ferramentas, provedores de materias primas etc.).
- Desenvolver mecanismos innovadores de transmisión interxeracional que estruturen iniciativas a longo prazo, con accións recorrentes ao redor da capacitación dos actores culturais e da súa profesionalización.
- Equilibrar a salvagarda e a posta en valor do PCI en todo o territorio.

### DESTINATARIOS

- **Público directo:** estruturas patronais e traballadores do sector público e privado para crear equipo (team-building) a través de prácticas culturais colectivas. En concreto, participaron nesta edición unha asociación de mozos traballadores, unha empresa de construción e obras públicas, unha empresa emerxente especializada na fabricación de gases medicinais e unha Administración local (comunidade de municipios).
- **Público indirecto:** todos os habitantes do Pays de Béarn, que se poden beneficiar destas novas formas de transmisión e valorización do PCI.

### PRODUTOS FINAIS



### AVALIACIÓN

O Biarnés Team-Building foi un éxito unánime entre os equipos de traballadores, como se reflicte na avaliación realizada mediante enquisas de satisfacción. Debido aos bos resultados, sería recomendable que se reedite e se amplíe a todo o ámbito laboral.

Cada un dos catro equipos experimentou, en tres fases, un dos catro programas relacionados co PCI bearnés. A primeira fase, que foi individual, apoiouse nunha plataforma dixital para familiarizarse coa práctica cultural. A fase colectiva concreouse en tres obradoiros de dúas horas na empresa durante o horario laboral. Por último, a etapa inmersiva foi a práctica do canto, da narración oral, da danza ou do deporte tradicional dos birlos fóra da empresa, nos seus contextos socioculturais.

Os equipos destacan a experimentación a través do corpo, sensorialmente e a través da oralidade, e a interiorización da importancia do PCI local.



# COÑECES O PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL DOS PYRÉNÉES HAUT GARONNAISES?

## RESPONDE AS PREGUNTAS

Comunidade de Municipios Pyrénées Haut Garonnaises,  
Occitania, Francia

### EXPERIENCIAS PILOTO DO PROXECTO LIVHES



### BREVE DESCRICIÓN

A experiencia piloto da Comunidade de Municipios Pyrénées Haut Garonnaises (CCPHG) céntrase nas manifestacións do PCI do territorio, recoñecidas pola Unesco e que a poboación ás veces descoñece. A proposta pretende achegar e transmitir as palabras e os coñecementos tradicionais dos seus portadores, como fiel reflexo da identidade territorial.

Con ambición transxeracional, diríxese a un público infantil, de entre 8 e 12 anos, coa intención de sensibilizar estas xeracións, que serán as futuras portadoras do PCI.

Para captar e manter a atención deste público novo, deseñouse e desenvolveuse unha contorna de educación informal baseada nunha batería de xogos serios ou educativos. En concreto, a experiencia piloto consta de tres ferramentas complementarias: un cuestionario con quince podcasts sobre a paisaxe sonora, un xogo de cartas asociado a un póster e a unha páxina web, e unha case-ta para actividades escolares ou eventos públicos.

### ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE





## DATA DE REALIZACIÓN

- Xuño de 2022 / marzo de 2023

## OBXECTIVOS

- Mellorar o recoñecemento do PCI propio por parte da poboación autóctona, e integralo nunha visión holística do patrimonio local.
- Salvagardar as prácticas locais e recoñecer os seus practicantes e portadores.
- Reforzar a transmisión interxeracional con programas e ferramentas que fagan que a mocidade descubra estas prácticas e as asociacións portadoras que as transmiten.
- Xerar valores engadidos no patrimonio local que o enriquezan e aseguren a súa continuidade.

## DESTINATARIOS

- Un **primeiro público directo** está conformado polo colectivo infantil local, ao que se lle ofrecen uns materiais de mediación divertidos e adaptados, que reforzan a transmisión.
- Tamén son **público directo** os portadores e os axentes do PCI, xa que obteñen maior visibilidade e recoñecemento.
- As familias con nenas e nenos pequenos (visitantes ou turistas) son un **público meta**, porque a proposta presenta o patrimonio dunha forma divertida e experiencial, en relación co concepto de turismo cultural sostible.
- O **público indirecto** son todos os habitantes da CCPHG; os técnicos, xestores e animadores locais, porque dispoñen de ferramentas adaptadas e especializadas de mediación patrimonial.

## AVALIACIÓN

A experiencia piloto presentouse publicamente nun evento local, a Festa da Montaña, ao que acudiron máis de 5.000 persoas e que tivo unha magnífica aceptación.

Para a avaliación cualitativa dos materiais implementados contou cos responsables dos centros de lecer e tempo libre. O cuestionario de 15 cartas gustoulles e destacaron que era un material fácil de usar. Os podcasts en forma de “paisaxe sonora” foron a ferramenta mellor valorada, pola súa innovación e pola dimensión moderna que contribúe á transmisión interxeracional. Describiron o póster e o xogo de cartas como unha ferramenta divertida, á vez que efectiva, porque a procura visual das escenas reforza a memorización por parte dos nenos e nenas e os vincula máis profundamente. Por último, a páxina web, en francés e en español, foi moi ben recibida polos animadores, dado que facilita o seu traballo educativo.

## PRODUTOS FINAIS





upna

Universidad Pública de Navarra  
 Nafarroako Unibertsitate Publikoa

### BREVE DESCRICIÓN

A experiencia piloto que desenvolveu a Universidade Pública de Navarra (UPNA) é unha aplicación móbil de realidade aumentada, Kultour, para a sinalización, mediación e educación patrimoniais de toda Navarra, pero especialmente enfocada ao ámbito rural, que sofre un crecente despoboamento.

Partindo deste protagonismo do patrimonio local, e especialmente do seu PCI, a aplicación tamén incorpora información sobre servizos das localidades para contribuír ao seu desenvolvemento sostible.



Como exemplos de sinalización, desenvóléronse os textos, os audiovisuais e os artefactos semióticos para sinalizar Sesma, unha localidade navarra moi unida á cultura do esparto e á súa artesanía, e unha ruta de turismo cultural, Pamplona-Bardenas. Ademais de estar dispoñible en varias linguas, os contidos da aplicación están adaptados a catro niveis: infantil, xuvenil, adulto-divulgativo e adulto-experto. Para o público infantil e xuvenil, ademais, ofrécense visitas gamificadas. O desenvolvemento local reflíctese na presentación interactiva de produtos e servizos locais.

### ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Tradicións e expresións orais (incluído o idioma como vehículo do PCI)

### VALORIZACIÓN

#### Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE





## DATA DE REALIZACIÓN

■ Febreiro de 2022 / marzo de 2023

## OBXECTIVOS

- Mellorar o recoñecemento do PCI por parte da sociedade, das institucións e das autoridades locais, e integralo nunha visión holística do patrimonio local.
- Introducir o PCI no debate dos ODS, avaliando a súa equidade, viabilidade e sostibilidade, así como os seus perigos e ameazas na transmisión.
- Apoderar os portadores e axentes do PCI, mentres se identifican, documentan e sinalizan as súas prácticas.
- Reforzar a transmisión interxeracional con iniciativas de educación patrimonial destinadas a distintos colectivos e idades.
- Xerar valores engadidos no patrimonio local como motor de desenvolvemento local sostenible.
- Obter un modelo metodolóxico e tecnolóxico transferible a outros territorios.

## DESTINATARIOS

- Un **primeiro público directo** está configurado polos portadores e axentes do PCI, porque obteñen unha maior visibilidade na aplicación.
- Tamén son **público directo** os veciños das localidades, aos que se lles adapta a información por idades e niveis de profundidade. Faise fincapé nas novas xeracións.
- Os visitantes e turistas tamén son un **público meta**, xa que a aplicación presenta o patrimonio dunha forma experiencial e é plurilingüe.
- **Público indirecto**: todos os habitantes ou veciños de Navarra, especialmente os que viven en zonas rurais afectadas polo despoboamento; os técnicos e xestores das administracións rexionais e locais; e os produtores e pequenos empresarios de servizos.

## PRODUTOS FINAIS



## AVALIACIÓN

A avaliación da experiencia piloto foi moi positiva. Inclúe dous niveis ou apartados: a avaliación da propia aplicación e a do proceso de valorización.

O deseño e o uso da ferramenta informática de sinalización-mediación avaliáronas os propios usuarios de maneira cuantitativa e cualitativa, con estatísticas de uso e enquisas de satisfacción, respectivamente. Todo iso permitiunos programar axustes e cambios para mellorar as experiencias dos usuarios, así como coñecer os distintos tipos de públicos.

Tamén son bos os resultados da avaliación do proceso de valorización levado a cabo en Sesma e nas localidades da ruta Pamplona-Bardenas. Realizáronse grupos focais para revisar os bens sinalizados e valorar os traballos de mediación, así como cuestionarios anónimos para avaliar aspectos coma a gobernanza, a participación e a colaboración de axentes e institucións.



**BARCELOS**  
MUNICÍPIO

## BREVE DESCRICIÓN

A experiencia piloto desenvolvida en Barcelos consistiu en deseñar e implantar unha plataforma dixital de acceso aberto para o público usuario. Nela pódense documentar e transmitir as manifestacións do PCI do Vale do Neiva. A plataforma é, ao mesmo tempo, un repositorio público e un museo virtual.

Ademais, na súa elaboración, como importante valor implícito engadido, valorizouse o papel dos portadores e transmisores destas prácticas culturais. Potenciouse este apode-



ramento das comunidades, asociacións e actores implicados na produción e na transmisión das manifestacións do PCI, debido a que se considera un estímulo e unha estratexia fundamental para a súa salvagarda e transmisión transxeracional.

Este inventario municipal, próximo ás comunidades portadoras, identificou, estudou e promoveu estas prácticas, e pode ser unha axuda para a eventual proposta de inscrición no inventario nacional do PCI de Portugal.

## ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais
- Artes do espectáculo
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Técnicas artesanais tradicionais

## VALORIZACIÓN

### Transmisión e mediación



## INDICADORES DE CALIDADE





### DATA DE REALIZACIÓN

- Xuño de 2022 / abril de 2023

### OBXECTIVOS

- Promover o inventario municipal de manifestacións do PCI como proceso de dinámica e cohesión social no territorio.
- Proporcionarlle ferramentas de inventario do PCI á comunidade do Vale do Neiva, o que permitiu inventariar tres eventos de PCI dentro do prazo do proxecto LIVHES.
- Garantir a xestión libre e descentralizada, e o acceso aos eventos culturais da comunidade, do grupo ou dos individuos practicantes do PCI.
- Reforzar a transmisión interxeracional cun repositorio público e cun museo virtual que fagan que o público escolar descubra estas prácticas e as asociacións portadoras que as transmiten.

### DESTINATARIOS

- **Público directo** do inventario: individuos, grupos, asociacións e comunidades portadoras do PCI, investigadores e estudosos do PCI.
- **Público directo** da transmisión: comunidade escolar da contorna, fundamental na transmisión destas manifestacións, público interesado no PCI.
- **Público indirecto:** todos os habitantes da rexión (comunidade local) así como público xeral, viaxeiros e turistas que visiten o territorio.

### AVALIACIÓN

En primeiro lugar, as oficinas de seguimento e colaboración cos axentes do PCI fixeron unha avaliación positiva do inventario, rexistro e dixitalización da documentación das prácticas identificadas (confraría Pão das Almas, Terreiro-Teatro Comunitario e Auto de Floripes 5 de Agosto). O labor de investigación e rexistro identificou prácticas do PCI descoñecidas e actores portadores de manifestacións que se xulgaban extintas.

En segundo lugar, tamén se valorou positivamente o apoderamento das comunidades e actores do PCI, como se desprende dos seus comentarios. O estímulo que supón o inventario, a documentación e o estudo das súas manifestacións son un impulso para a salvagarda, pero tamén para a súa transmisión interxeracional.

### PRODUTOS FINAIS







## Diputación de Burgos



### BREVE DESCRICIÓN

O obxectivo da experiencia piloto da Deputación de Burgos foi realizar un diagnóstico e unha posta en valor do patrimonio material e inmaterial vinculado co toque manual de campás.

Partindo da función social e do arraigamento na comunidade desta linguaxe non verbal que serviu durante séculos de sistema de comunicación, realizouse un estudo centrado inicialmente nunha ampla comarca da provincia de Burgos. Nun futuro, ademais de completar o estudo deste sinal de identidade cultural e territorial,

incluírase en rutas de turismo cultural sostible.

A Comisión Técnica realizou un diagnóstico e un inventario sobre a situación de campanarios e campás, un manual técnico de intervención nos campanarios para asesorar municipios e parroquias, o estudo etnomusicolóxico e unha hemeroteca de gran valor documental. Todo iso quedou plasmado na páxina web [www.campanerosdeburgos.com](http://www.campanerosdeburgos.com).

### ÁMBITOS

- Tradicións e expresións orais (incluído o idioma como vehículo do PCI)
- Usos sociais, rituais e actos festivos

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE





### DATA DE REALIZACIÓN

- Maio de 2022 / marzo de 2023

### OBXECTIVOS

- Salvagardar o toque manual de campás e recoñecer os seus practicantes e portadores a través dun inventario e da redacción dun manual técnico de intervención nos campanarios para a súa correcta conservación, respectando os materiais e a fisionomía tradicional.
- Mellorar o coñecemento sobre o toque de campás cun estudo etnográfico e etnomusicolóxico.
- Integrar esta manifestación do PCI nunha visión holística do patrimonio local, coa redacción dun plan de acción para a súa dinamización, e a súa posta en valor e difusión. Reforzar a transmisión interxeracional cunha páxina web de documentación e con xornadas de difusión.
- Xerar valores engadidos no patrimonio local, incluíndo o toque de campás en rutas de turismo cultural sostible.

### DESTINATARIOS


- Público directo** do inventario e da páxina web especializada: Asociación de Campaneiros de Burgos, investigadores e estudosos do toque manual de campás, en especial etnomusicólogos.
- Público directo** da transmisión: interesados no toque manual de campás como manifestación representativa do PCI.
- Público indirecto** que se quere atraer: todos os habitantes da provincia de Burgos, viaxeiros e turistas que visiten o territorio.

### AVALIACIÓN

Grazas á colaboración dos técnicos, etnógrafos e, en especial, á Asociación de Campaneiros de Burgos, profundos coñecedores do tema, conseguiuase estudar os campanarios dos municipios de Arcos de la Llana, Cayuela, a cidade de Burgos, Pedrosa de Muñó, Renuncio, Santa María de Tadjadura, Tardajos, Villacienzo, Villafuertes, Villagonzalo Pedernales, Villalonquéjar, Villamiel de Muño, Villangómez, Villanueva Matamala, Villariezo e Villaverde del Monte. Polo tanto, cuantitativamente, a avaliación é positiva. Con todo, segundo se previu, o traballo de campo foi complicado: as condicións meteorolóxicas resultaron moi adversas nestes meses de traballo, tanto para os técnicos coma para os campaneiros que aínda podían estar dispoñibles, de ida e avanzada.

Aínda é pronto para facer unha avaliación profunda, pero valórase moi positivamente a web especializada en toques de campá manuais.

### PRODUTOS FINAIS





### BREVE DESCRICIÓN

A proba piloto do Instituto Catalán de Investigación en Patrimonio Cultural (ICRPC, polas súas siglas en catalán) implementouse no municipio de Riba-roja d'Ebre, afectado polo despoboamento e con problemáticas propias de territorios periféricos. A identificación da Festa do Aceite de Cimbros como un evento para valorizar e vinculada directamente aos fornos de aceite de cimbros centrou a actuación neste territorio.

Traballouse conxuntamente coa comunidade local, principalmente coa Asociación de Amigos de Riba-roja d'Ebre e co centro escolar do

municipio, para elaborar plafóns interpretativos, unha maleta pedagóxica, un rexistro audiovisual de entrevistas orais e unha experimentación cunha aplicación móbil cocreativa.

O obxectivo central da experiencia era darlles resposta aos retos detectados no diagnóstico aproveitando o ensino das boas prácticas identificadas arredor do desenvolvemento local baseado no patrimonio, especialmente no PCI. Neste caso, centrouse na consolidación da identidade cultural e territorial, e impulsouse, como valor engadido, un turismo cultural sostible.

### ÁMBITOS

- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e co universo
- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

#### Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE





### DATA DE REALIZACIÓN

- Febreiro e decembro de 2022

### OBXECTIVOS

- Crear e instalar plafóns interpretativos da Festa do Aceite de Cimbri e sobre o funcionamento dos fornos de aceite de cimbri a partir da xeración de contidos procedentes do traballo conxunto coa comunidade.
- Experimentar cunha aplicación móbil o traballo cocreativo destinado á socialización do PCI local, e centrar esta experimentación na comunidade e na escola locais.
- Contribuír na creación dunha maleta pedagóxica destinada á socialización da festa e dos fornos de aceite de cimbri en colaboración coas escolas da localidade.
- Documentar, a través de entrevistas orais, o coñecemento de membros da comunidade local sobre a festa e os fornos de aceite de cimbri.

### DESTINATARIOS

- **Comunidade local ou comarcal**, que participa cada ano na Festa do Aceite de Cimbri, como elemento cohesionador e identitario da propia comunidade
- **Visitantes externos** como elemento de valorización turística do territorio
- **Comunidade escolar**, a través da escola local, como elemento de dinamización interxeracional e de aprendizaxe

### PRODUTOS FINAIS



### AVALIACIÓN

Da enquisa cualitativa á comunidade local despréndese que a proba piloto ten un impacto directo positivo na socialización do PCI do territorio. Os axentes enquisados consideran que activar ese patrimonio a través da aplicación de boas prácticas constitúe un elemento que contribúe á posta en valor cultural e turística do territorio.

O centro escolar co que se traballou concédelle unha valoración positiva ao traballo mediante aplicacións móbiles coas alumnas e alumnos, e obsérvase un maior aproveitamento fóra da aula. As accións valóranse máis positivamente no ámbito da socialización e da activación do PCI, alén da súa introdución no curricular escolar.

Por último, opinan que é imprescindible traballar co alumnado na socialización e na difusión do PCI local para sensibilizar as novas xeracións na necesidade de preservar e transmitir o coñecemento.



### BREVE DESCRICIÓN

A experiencia piloto da Deputación de Teruel centrouse en como expoñer a transmisión e mediación da técnica tradicional de construción de pedra seca. Para tal fin, editou dúas obras accesibles e experienciais.

En primeiro lugar, pensando máis na educación patrimonial formal, publicou unha banda deseñada gratuíta para o alumnado de educación primaria. Co atractivo deste formato, preténdese que este aprenda a valorar a paisaxe que lle rodea e tamén, dunha forma sinxela, a im-

portancia desta técnica tradicional. Está pensado como material de apoio para proxectos cooperati- vos e participativos nas aulas e nas localidades.

En segundo lugar, cun carácter divulgativo, presen- tou unha obra para dar a coñecer e difundir a téc- nica construtiva de pedra seca. Está pensada para chegar a un público amplo, para sensibilizalo e para ser unha guía de descubrimento da técnica.

### ÁMBITOS

- Técnicas artesanais tradicionais

### VALORIZACIÓN

Transmisión e mediación



### INDICADORES DE CALIDADE





### DATA DE REALIZACIÓN

- Febreiro de 2022 / marzo de 2023

### OBXECTIVOS

- Mellorar o recoñecemento do patrimonio cultural; neste caso, a construción tradicional de pedra seca, por parte da sociedade, das institucións e das autoridades locais e integralo nunha visión holística do patrimonio local.
- Reforzar a súa transmisión interxeracional con iniciativas de educación patrimonial destinadas ao público escolar de educación primaria, cun material sinxelo e atractivo como é a banda deseñada.
- Valorar a paisaxe cultural do territorio no que se integran as construcións de pedra seca.
- Xerar valores engadidos no patrimonio local como motor dun desenvolvemento local sostible, coa publicación dunha obra divulgativa que explique a importancia da técnica a veciños e visitantes.

### DESTINATARIOS

- A banda deseñada estaba destinada a un **público local**, ao alumnado e ao profesorado de terceiro e cuarto de educación primaria de colexios da provincia de Teruel. En concreto, nesta experiencia piloto participaron o CRA de Martín del Río, o CP Las Anejas, o CRA Teruel Uno e o CRA Goya, pero preténdese ampliar a outros centros. É un material pensado para reforzar a transmisión transxeracional.
- A obra divulgativa está destinada a técnicos **de turismo** e a outros actores de difusión do patrimonio para que dispoñan dunha ferramenta de mediación dunha manifestación cultural menos coñecida.
- O **público indirecto** desta obra é máis amplo e inclúe tanto turolenses coma visitantes e turistas que buscan coñecer máis profundamente o territorio.

### PRODUTOS FINAIS



### AVALIACIÓN

A avaliación da experiencia piloto, no caso da banda deseñada, realizouse mediante enquisas aos docentes dos colexios CRA de Martín del Río (Martín del Río), CP Las Anejas (Teruel), CRA Teruel Uno (Perales del Alfambra) e CRA Goya (Caminreal), que participaron na experiencia educativa con este material. A valoración foi moi positiva.

No caso da obra divulgativa, os que a valoraron tamén moi positivamente foron os participantes nas accións de transferencia organizadas no marco do proxecto: técnicos de turismo e especialistas en mediación patrimonial. Destacaron a súa claridade expositiva, a calidade gráfica e a súa gratuidade.

A avaliación de ambas as obras enriquecerase segundo se vaia estendendo o seu uso.



## 8. RECOMENDACIÓNS PARA A VALORIZACIÓN DO PCI

### CONSIDERACIÓNS PREVIAS

1

Para valorizar o PCI hai que comprobar previamente que a práctica se adecúa á convención de salvagarda e aos seus ámbitos

2

Toda valorización debe estar presidida por uns principios éticos que aseguren os dereitos dos actores e a súa propiedade intelectual, ten que contar co seu consentimento e cumprir as distintas lexislacións.

3

Todo o proceso de valorización comeza cunha identificación, cun rexistro, cunha descrición, cunha contextualización e cunha investigación en profundidade da práctica do PCI; é dicir, ten que ter, por unha banda, solidez técnica e científica; por outra, ser froito da interacción cos portadores, revisable ou evolutiva, e accesible.



## PARA O DESEÑO

4

A proposta de revalorización debe abordar, en profundidade e con certo grao de innovación, unha ou varias accións de salvagarda da Unesco, sen fosilizar nin restar evolución e creatividade á manifestación.

5


Toda valorización dun ben inmaterial debe estar re-xida pola equidade; isto é, debe tentar ser accesible economicamente, inclusiva, sensible co enfoque de xénero, interxeracional, que respecte a diversidade cultural e lingüística, e que alente o encontro intercultural.

6

A posta en valor do PCI require financiamento estable, transparente e cunha duración xeralmente non puntual que asegure a súa viabilidade económica.

7

Ten que valorar o seu impacto na conservación do ámbito natural e da biodiversidade.





## PARA A EXECUCIÓN E A XESTIÓN

8

Unha proposta de valorización supón xerar dinámicas sociais participativas nas que as comunidades protagonistas teñan axencia, se impliquen e xeren vínculos que impulsen a transmisión.

9

Desde a perspectiva das administracións esíxelles un apoio técnico e financeiro, e un acompañamento aos portadores, ás asociacións e aos sectores culturais e económicos implicados, ao fomentar o seu traballo en rede. Neste sentido, debe primar unha visión identitaria e de salvagarda das manifestacións, especialmente das menos visibles e máis ameazadas, por enriba de visións parciais mercantilistas ou ideolóxicas.

10

A transmisión interxeracional das manifestacións do PCI é o obxectivo prioritario da salvagarda, o cal comparte a valorización, pero cunha visión de sostibilidade ou transxeracional. As medidas e os plans de mediación deben ser integradores, participativos e accesibles, e estar destinados e adaptados a públicos diferentes, en procesos educativos informais ou formais, pero tamén na mediación dun turismo sostible.



11

O papel das administracións nas propostas de valorización ten que estar ligado a unha gobernanza compartida e liderada polas entidades locais coñecedoras do territorio. Debe evolucionar facilitándolles redes de traballo aos actores e implicándoos en proxectos intersectoriais e interterritoriais.

12

As valorizacións moi completas son as que garanten a pluralidade e a complementariedade das accións de salvagarda e de valorización. Esta diversidade pode promover a intersectorialidade en distintos aspectos. En primeiro lugar, nos usos sociais do PCI, cando interactúan os usos socioculturais (cohesión social, identidade compartida, visibilidade de minorías...), os usos económicos redistribuídos (economía circular, turismo cultural sostible...) ou usos ambientais (protección da biodiversidade). En segundo lugar, cando implican distintas prácticas do PCI e, por último, cando combinan plans e programas de xestión.



## PARA A AVALIACIÓN

13

Toda valorización do PCI debe avaliarse durante os anos en que se executou ou se vai executar e ao final do programa, para comprobar se foi efectiva e logrou, polo tanto, a misión e os obxectivos expostos. É recomendable que a avaliación incorpore indicadores de logro ou éxito cuantitativos e cualitativos.

14

No caso das administracións, ademais, debería incluír un estudo da eficiencia en canto á relación de custos para alcanzar os obxectivos, no referente aos equipos e aos recursos humanos empregados e, por último, aos requirimentos técnicos.

15

Avaliar casos concretos e reais permite identificar boas prácticas para o territorio e que estas poidan transferirse fóra del en redes internacionais, coma a que constituíu o proxecto LIVHES.



## 9. RECURSOS COMPLEMENTARIOS



Neste módulo da guía presentamos unha selección de **recursos complementarios** sobre o PCI.

Agrupados por tipoloxías, propoñemos uns recursos destacados á dereita e unha lista máis completa á que se accede co símbolo +.

Consideráronse os **seguintes apartados**:

- **INVENTARIOS E CATÁLOGOS**
- **GUÍAS**
- **BOAS PRÁCTICAS**
- **BIBLIOGRAFÍA**
- **WEBGRAFÍA**
- **TESAUROS**



## INVENTARIOS E CATÁLOGOS



## GUÍAS




## BOAS PRÁTICAS



## BIBLIOGRAFÍA





## WEBGRAFÍA



## TESAURO